



**MEMORIA DE
ACTIVIDADES
DEPORTIVAS**

Servizo de Deportes
Universidade de Vigo

2011 - 2012



2011-2012

Servizo de Deportes
Universidade de Vigo

edita

Servizo de Deportes, Universidade de Vigo

deseño e maquetación

magenta

imprime

hrd print

depósito legal

VG 27-2727



Maria Jesús Gestido, segunda ayer, durante la carrera. José Jones

Nome	Tempo	Nome	Tempo
1. María Jesús Gestido	1:02:10	101. María Jesús Gestido	1:02:10
2. María Jesús Gestido	1:02:10	102. María Jesús Gestido	1:02:10
3. María Jesús Gestido	1:02:10	103. María Jesús Gestido	1:02:10
4. María Jesús Gestido	1:02:10	104. María Jesús Gestido	1:02:10
5. María Jesús Gestido	1:02:10	105. María Jesús Gestido	1:02:10
6. María Jesús Gestido	1:02:10	106. María Jesús Gestido	1:02:10
7. María Jesús Gestido	1:02:10	107. María Jesús Gestido	1:02:10
8. María Jesús Gestido	1:02:10	108. María Jesús Gestido	1:02:10
9. María Jesús Gestido	1:02:10	109. María Jesús Gestido	1:02:10
10. María Jesús Gestido	1:02:10	110. María Jesús Gestido	1:02:10

Nome	Tempo	Nome	Tempo
111. María Jesús Gestido	1:02:10	211. María Jesús Gestido	1:02:10
112. María Jesús Gestido	1:02:10	212. María Jesús Gestido	1:02:10
113. María Jesús Gestido	1:02:10	213. María Jesús Gestido	1:02:10
114. María Jesús Gestido	1:02:10	214. María Jesús Gestido	1:02:10
115. María Jesús Gestido	1:02:10	215. María Jesús Gestido	1:02:10
116. María Jesús Gestido	1:02:10	216. María Jesús Gestido	1:02:10
117. María Jesús Gestido	1:02:10	217. María Jesús Gestido	1:02:10
118. María Jesús Gestido	1:02:10	218. María Jesús Gestido	1:02:10
119. María Jesús Gestido	1:02:10	219. María Jesús Gestido	1:02:10
120. María Jesús Gestido	1:02:10	220. María Jesús Gestido	1:02:10

Nome	Tempo	Nome	Tempo
221. María Jesús Gestido	1:02:10	321. María Jesús Gestido	1:02:10
222. María Jesús Gestido	1:02:10	322. María Jesús Gestido	1:02:10
223. María Jesús Gestido	1:02:10	323. María Jesús Gestido	1:02:10
224. María Jesús Gestido	1:02:10	324. María Jesús Gestido	1:02:10
225. María Jesús Gestido	1:02:10	325. María Jesús Gestido	1:02:10
226. María Jesús Gestido	1:02:10	326. María Jesús Gestido	1:02:10
227. María Jesús Gestido	1:02:10	327. María Jesús Gestido	1:02:10
228. María Jesús Gestido	1:02:10	328. María Jesús Gestido	1:02:10
229. María Jesús Gestido	1:02:10	329. María Jesús Gestido	1:02:10
230. María Jesús Gestido	1:02:10	330. María Jesús Gestido	1:02:10

SAÚDE DO VICERREITOR

1 ACTIVIDADES DE LECER E INICIACIÓN DEPORTIVA

- 1.1 Escolas deportivas 6
- 1.2 Cursos e actividades de iniciación 9
- 1.3 Escola de tenis para nenos e nenas 9

2 ACTIVADES NA NATUREZA

- 2.1 Rutas culturais 10
- 2.2 Delecer 10
- 2.3 Actividades no medio acuático 12
- 2.4 Viaxes á neve 13

3 DEPORTE E SAÚDE

- 3.1 Exercicio físico personalizado 14
- 3.2 Medicina deportiva 15
- 3.3 Fisioterapia 16
- 3.4 Proxecto Campus de Ourense saudable-Campus ConVida 17
- 3.5 Outras actuacións 17

4 ACTIVIDADES DE COMPETICIÓN

- 4.1 Competicións internas 18
- 4.2 Competicións interuniversitarias 23

5 ACTIVIDADES DE FORMACIÓN E DIVULGACIÓN

- 5.1 Obradoiro de voluntariado en eventos deportivos 29
- 5.2 Prácticas no Campus de Ourense 29
- 5.3 Prácticum do alumnado da Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte 29
- 5.4 Proxectos do alumnado do Máster en Dirección Integrada de Proxectos 30
- 5.5 Proxectos do alumnado do Máster en Xestión Empresarial do Deporte 30
- 5.6 Participación no III Congreso Iberoamericano de Economía del Deporte 30

páx.

5

6 SECCIÓNS FEDERADAS

- 6.1 Campus de Ourense 31
- 6.2 Campus de Vigo 32

7 EVENTOS

- 7.1 Organizados polo Servizo de Deportes 35
- 7.2 Sedes doutras actividades e eventos 37
- 7.3 Outras colaboracións 41

8 OUTRAS ACTUACIÓNS

- 8.1 Calidade e xestión ambiental 43
- 8.2 Internacionalización: ENAS 44
- 8.3 Recoñecementos 44
- 8.4 Formación do persoal 44
- 8.5 Bolsas e créditos 45

9 SERVIZOS E VANTAXES

- 9.1 Tarxeta deportiva universitaria básica (TDU) 46
- 9.2 Tarxeta deportiva universitaria Ponte en Forma 46
- 9.3 Suplemento Dúo 47
- 9.4 Descontos en entidades colaboradoras 47

10 INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

- 10.1 Xestionadas polo Servizo de Deportes 48
- 10.2 Centros deportivos de xestión externalizada 51

11 ARQUIVO DE PRENSA

páx.

52

12 DIRECTORIO E ENTIDADES COLABORADORAS

69

SAÚDE DO VICERREITOR



Dr. D. Xosé Henrique Costas González

Non quixera comezar este limiar á Memoria de Actividades Deportivas da Universidade de Vigo sen agradecer a profesionalidade e o bo facer dos compañeiros e compañeiras que traballan no Servizo de Deportes. Estas persoas, con esforzo e entusiasmo, estímúlanos e facilitánnos a práctica deportiva ás outras persoas que compoñemos a comunidade universitaria de Vigo, isto é: danos vida. Vaia, pois, en primeiro lugar, o noso agradecemento e a nosa felicitación.

Este magnífico traballo desenvolvido por estes profesionais nosos dá froitos vixosos de variadas clases. En primeiro lugar, e non por orde de importancia senón de proximidade no tempo, gustárame sobrancear a recente obtención do certificado ISO 14004:2004 polo noso Sistema de Xestión Ambiental e mais a entrada da nosa institución na Rede Española de Universidades Saudables. Somos unha universidade que aposta moi forte pola saúde e polo respecto ao medio natural na nosa práctica deportiva.

O noso Servizo de Deportes soubo enfrontar con imaxinación e enxeño esta época de desmantelamento do benestar e non só mantivo os programas e actividades deseñadas noutros cursos senón que engadiu novidades á súa programación deportiva, como a Tarxeta deportiva polivalente, a Andaina 10 km., novas actividades no medio mariño e fluvial etc. Nestes momentos podemos dicir con orgullo que o Servizo de Deportes non só é vital para a nosa universidade senón que, ademais, é economicamente rendible e sustentable. Non queremos facer agora un relatorio

pormenorizado das actividades realizadas porque iso xa o poderemos comprobar nas páxinas seguintes. Digamos só que estamos ben satisfeitos e orgullosos dos éxitos acadados polos universitarios vigueses en campionatos estatais e internacionais en disciplinas como taekwondo, atletismo, triatlón etc., conseguindo catro ouros, oito pratas e catro bronces, xunto cos éxitos e distincións acadados en xadrez, tenis, carreiras de orientación, rugby, baloncesto etc., polos nosos equipos federados.

Pero sobre todo estamos moi satisfeitos polo aumento de practicantes de deporte na nosa universidade, con 1.500 persoas xogando as ligas universitarias das diversas modalidades, 700 persoas inscritas no programa de Deporte e Saúde, 400 persoas participando en actividades deportivas no medio acuático, 600 persoas inscritas nas Escolas Deportivas, 1.000 participantes na pasada edición da Carreira 10 km. Campus de Vigo etc.

Ao longo das seguintes páxinas o lector ou lectora terá unha información detallada do que supuxo o deporte universitario ao longo deste último ano e comprobará que as cousas, aínda en época de vacas fracas, poden ir ben se todos arrimamos o lombo e nos esforzamos mesmo máis do esperable, como fan os técnicos e colaboradores do Servizo de Deportes, animando, formándose, participando, entusiasmando e contagiando o hábito do deporte como garantía dun maior benestar da persoa e dun maior rendemento intelectual.

Porque é así, os últimos estudos así o certifican: as persoas que practican deporte con regularidade obteñen moitos mellores resultados no eido intelectual. Na nosa universidade tratamos de formar integralmente o estudiantado e tratamos de que o noso persoal docente, investigador e administrativo se sinta a gusto e cómodo para traballar e render máis, e ese aumento do rendemento laboral e intelectual está garantido coa práctica deportiva, por iso insistimos tanto neste eido.

Por último, queremos felicitar a todas as persoas que participaron nos programas deportivos da nosa institución, queremos agradecer de novo o esforzo do noso persoal do Servizo de Deportes e queremos animar a todo o mundo a sumarse á práctica deportiva da Universidade de Vigo, máis saudable e máis sustentable.

1 > LECER E INICIACIÓN DEPORTIVA

1.1 Escolas deportivas

Este programa continúa co seu obxectivo de fomentar a adquisición e a consolidación de estilos de vida máis activos e saudables, dándolle máis pulo á opción de centro deportivo aberto, que este ano reuniu en Vigo preto de 533 persoas.

O centro deportivo aberto permítelles ás usuarias e usuarios ter unha oferta máis ampla de horarios e actividades nos centros asociados.


Con todo, as escolas deportivas permiten acadar unha boa condición física, ao tempo que se busca a aprendizaxe de habilidades para a práctica deportiva con fins recreativos.

Este curso houbo 1751 inscricións no conxunto dos tres campus, das cales 1050 foron de mulleres e 701 de homes.

As actividades con máis demanda en Ourense foron *power dumbbell* (gratuíta para toda a comunidade universitaria), *aerójumþ*, *fitness* e tenis. En Pontevedra, como xa é habitual, destacaron as actividades de *full equipe*, aeróbic e musculación. En Vigo a oferta dos centros deportivos abertos de Maisqueauga, Lanzalía e Coliseum foi a máis solicitada, pero modalidades tradicionais no programa de Escolas deportivas como tenis, natación, ioga ou xadrez continuaron tendo moi boa acollida.



6



Persoas que participaron en escolas deportivas



OURENSE

	1º CUADRIMESTRE		2º CUADRIMESTRE		TOTAL
	H	M	H	M	
AERÓBIC	-	9	1	7	17
AEROJUMP	2	28	3	28	61
AQUAGYM	4	5	2	5	16
BOOT CAMP	-	20	-	20	40
CICLO INDOOR	-	-	20	4	24
DANZAS ORIENTAIS	1	9	1	6	17
DEFENSA PERSOAL	6	-	6	-	12
FITNESS	1	27	1	24	53
IOGA	3	5	2	8	18
IUDO	1	2	1	1	5
JIU-JITSU	1	1	1	1	4
NATACIÓN	8	4	9	4	25
NEW STYLE	1	3	1	2	7
PÁDEL	2	-	1	-	3
PILATES	3	11	3	11	28
POWER DUMBELL	3	33	2	34	72
RITMOS LATINOS	8	8	8	14	38
RUGBY	9	1	7	1	18
TAICHÍ	2	3	1	3	9
TENIS	20	10	9	12	51
VOLEIBOL	7	4	6	4	21
WUSHU	3	2	2	2	9
XADREZ	1	3	1	3	8
TOTAL	86	188	88	194	556



7

***Este curso
houbo 1751
inscricións nos
tres campus***

PONTEVEDRA

	1º CUADRIMESTRE		2º CUADRIMESTRE		TOTAL
	H	M	H	M	
AERÓBIC	-	49	-	15	64
ARTES MARCIAIS	10	7	1	2	20
FULL EQUIPE	30	67	15	21	133
KUNG-FU	1	-	4	-	5
MUSCULACIÓN	18	14	5	4	41
NATACIÓN	4	8	3	3	18
PILATES	-	15	1	4	20
TAEKWONDO	2	-	1	-	3
TAICHÍ	1	5	1	2	9
TOTAL	66	165	31	51	313



8

VIGO

	1º CUADRIMESTRE		2º CUADRIMESTRE		ANUAL		TOTAL
	H	M	H	M	H	M	
ATLETISMO	-	3	4	-	12	4	23
AQUAGYM	1	6	2	3	1	-	13
IOGA	6	21	6	19	1	10	63
IUDO	1	-	-	-	-	-	1
MEDITACIÓN	2	6	3	4	-	2	17
NATACIÓN	10	10	12	11	15	7	65
SPINNING	1	-	1	-	1	3	6
SQUASH	6	7	4	4	4	1	26
TAEKWONDO	-	1	-	-	2	-	3
TENIS	23	14	14	11	20	7	89
XADREZ	31	12	-	-	-	-	43
BUDO AQUA SPORT CENTRO DEP. ABERTO	6	5	3	6	14	4	38
CDU CENTRO DEPORTIVO ABERTO	1	9	1	6	2	2	21
COLISEUM CENTRO DEPORTIVO ABERTO	16	13	15	17	18	21	100
KIAP CENTRO DEPORTIVO ABERTO	1	1	1	2	3	-	8
LANZALÍA CENTRO DEPORTIVO ABERTO	20	27	23	30	25	24	149
MÁIS QUE AUGA CENTRO DEPORTIVO ABERTO	28	26	34	22	15	19	144
PROGRESS GYM CENTRO DEPORTIVO ABERTO	-	4	-	3	-	1	8
SIMÓN CENTRO DEPORTIVO ABERTO	9	18	7	18	5	8	65
TOTAL	162	183	130	156	138	113	882



1.2 Cursos e actividades de iniciación

Curso de iniciación ao rugby (Campus de Ourense, do 10 de outubro ao 7 de novembro de 2011)

Impartiuse nas instalacións do campus por parte dos adestradores do equipo federado e asistiron oito rapaces.



1.3 Escola de tenis para nenos e nenas

Curso de iniciación ao pádel (Ourense, do 1 ao 29 de novembro de 2011)

Tratouse dun curso que nos agasallou o Club de Oira. Participaron 16 estudantes universitarios, dos cales dez foron homes e seis mulleres.

Campus de Vigo, de novembro de 2011 a xuño de 2012

Este é o quinto curso consecutivo en que o Campus de Vigo acolle esta escola. A actividade desenvolveuse dun xeito lúdico e adaptadas á idade das persoas participantes. Durante a fin de semana abriuse un grupo para alumnado de 4 a 7 anos e outro para alumnado de 8 a 12 anos. Na fin de semana recibiron clase alumnos e alumnas con idades comprendidas entre os 12 e os 16 anos. Participaron un total de 16 estudantes (nove rapaces e sete rapazas).



2 > NA NATUREZA

2.1 Rutas culturais (outubro de 2011-maio de 2012)

Neste programa colaboran o Servizo de Deportes, a Vicerreitoría de Ourense e o Club Universitario de Cultura e Ocio (CUCO).

Na súa duodécima edición contou con 11 saídas, das cales nove foron propostas novas co gallo de seguir explorando novos enclaves xeográficos. Este puido ser o principal motivo do incremento de participación con respecto a edicións anteriores, posto que por primeira vez se superou o millar de camiñantes.

Houbo rutas con distinto nivel de dificultade (baixo, medio, medio-alto e alto) para adaptarse á capacidade dos distintos tipos de participantes e as quilometraxes estiveron comprendidas entre os 20 e os 33 km.

Inscripcións totais: 1066 (539 de homes e 527 de mulleres)

Cada participante contou coa posibilidade de descargar os itinerarios para GPS, descricións das rutas, mapas, perfís e as fotografías das saídas na web e no blog do Servizo de Deportes.


2.2 Delecer (marzo-maio de 2012)

No curso 2011/2012 celebrouse a 12ª edición deste programa de ocio e tempo libre, que nesta ocasión ofertou catro actividades: pontismo, parapente, paracaidismo e rutas en bicicleta.

Diversión, natureza e adrenalina foron os ingredientes dunha proposta en que participaron un total de 100 persoas (56 homes e 44 mulleres) e que se levou a cabo entre os meses de marzo e maio.

Parapente foi a actividade que antes cubriu as súas prazas e pontismo foi a que máis participación tivo, cun total de 49 participantes.

O programa seguiu contando coa colaboración e experiencia de empresas de recoñecido prestixio como o Club Nortada, Turnauga, Tamuxe Kayak e o Paraclub Galsur.



RUTAS		OURENSE			PONTEVEDRA			VIGO		
		TOTAL	M	H	TOTAL	M	H	TOTAL	M	H
RUTA DO RIBEIRO (SAN CLODIO)	09/10/11	28	11	17	4	2	2	53	26	27
RUTA DA VÍA DA PRATA (TERMAS DE OUTARIZ)	22/10/11	35	13	22	13	8	5	66	33	33
RUTA DO GALIÑEIRO-MONTE ALOIA	19/11/11	47	18	29	6	0	6	50	24	26
RUTA DOS MUÍÑOS DO RÍO LOÑA	10/12/11	55	28	27	6	2	4	55	28	27
MUÍÑOS DO FOLÓN-CASTRO DE SANTA TEGRA	04/02/12	50	26	24	9	3	6	50	26	24
RUTA DO MOSTEIRO DE MONTEDERAMO	18/02/12	33	15	18	1	1	0	40	19	21
RUTA DE SAN SALVADOR DOS PENEDOS	10/03/12	43	24	19	10	5	5	52	25	27
RUTA DO RÍO MAO (CANÓNS DO SIL)	24/03/12	54	25	29	10	4	6	52	25	27
RUTA DE CERDEDO-CAMPO LAMEIRO	21/04/12	46	25	21	10	5	5	52	26	26
RUTA DA GUDIÑA-LAZA (VÍA DA PRATA)	05/05/12	19	8	11	4	4	0	34	23	11
RUTA DO MORRAZO	19/05/12	38	21	17	5	3	2	36	21	15
TOTAL		448	214 47,7 %	234 52,2 %	78	37 47,4 %	41 52,6 %	540	276 51,1 %	264 48,9 %

DELECCER

	H	M	TOTAL
PARAPENTE	13	15	28
PONTISMO	29	20	49
PARACAIDISMO	7	4	11
RUTAS EN BICI	7	4	12
TOTAL	56	44	100





2.3 Actividades no medio acuático

2.3.1 Iniciación ao surf (praia de Patos, Nigrán, 25 e 26 de febreiro de 2012)

Coa colaboración de Prado Surf Escola e a participación dun total de 46 persoas (22 homes e 24 mulleres).

O curso constou de dúas partes; unha primeira teórica en que se explicaban as normas básicas de seguridade e se familiarizaba co material, e unha segunda práctica en que se practicaba a remada e o *stand up*.

2.3.2 Bautismos Campus do Mar

En colaboración co Campus do Mar iniciouse un programa novo de bautismos no medio acuático durante os meses de novembro e febreiro. Conستou de catro actividades e conseguiu xuntar 210 participantes.

BAUTISMO OUTONO

	H	M	TOTAL
KAYAK	9	7	16
VELA	4	1	5
SURF	6	22	28
MERGULLO	2	2	4
TOTAL	21	32	53

BAUTISMO PRIMAVERA

	H	M	TOTAL
KAYAK	18	34	52
VELA	20	17	37
SURF	16	32	48
MERGULLO	8	12	20
TOTAL	62	95	157

2.3.3 Augaventura (abril-xuño de 2012)

A duodécima edición do programa de deportes no medio acuático continuou a celebrarse entre os meses de abril e xuño, aínda que nesta edición e para adaptarse ao novo calendario académico algunhas das actividades celebráronse ao rematar o período de exames.

O descenso de rápidos (*rafting*) continúa a ser a actividade máis demandada, pero nesta ocasión o programa tivo distintas novidades: cursos de windsurf, *paddelsurf*, bautismos de vela e iniciación á vela lixeira. O Servizo de Deportes ampliou o número de empresas colaboradoras, ao incorporar a Federación Galega de Vela e a Desmarque S. L.

AUGAVENTURA

	H	M	TOTAL
MERGULLO ADVANCED	1	-	1
BAUTISMOS DE MERGULLO	12	4	16
DESCENSO DE RÁPIDOS	14	9	23
INICIACIÓN Á VELA LIXEIRA	2	1	3
RUTAS EN CANOA	6	4	10
TOTAL	35	18	53



2.4 Viaxes á neve (decembro 2011-abril 2012)

Por segundo ano consecutivo acadouse un acordo con Prado Surf Escola que lles permitiu participar a 14 membros da comunidade universitaria en saídas a Asturias, León ou Andorra. O programa incluía clases diarias, *forfait*, material, desprazamentos, aloxamento e manutención. Como sempre para dúas modalidades: esquí e snowboard.



Á NEVE


	DATA	H	M	TOTAL
SAN ISIDRO (LEÓN)	27, 28 e 29 de xaneiro de 2012	4	5	9
VALGRANDE PAJARES (ASTURIAS)	2, 3 e 4 de marzo de 2012	2	2	4
GRAND VALIRA (ANDORRA)	Do 2 ao 7 de abril de 2012	1	-	1
TOTAL		7	7	14

**Case 1500
inscricións nas
actividades ao
aire libre**

3 > DEPORTE E SAÚDE

3.1 Exercicio físico personalizado

As unidades de actividade física do Servizo de Deportes desenvolveron ao longo do curso 2011/2012 un total de 786 programas personalizados de exercicio físico coas 270 persoas (161 homes e 109 mulleres) que demandaron estes servizos. Os tipos de programas máis solicitados foron os de iniciación ao exercicio (32,56 % do total) e os de condición física xeral (41,22 % do total). A distribución detallada de programas personalizados que se realizaron por campus e xénero foi a que específica no seguinte gráfico.



Programa de exercicio físico personalizado

- > Total de programas realizados polo alumnado: 44,53 % (63,72 % de homes e 36,28 % de mulleres)
- > Total de programas realizados polo PDI/PAS: 52,54 % (63,44 % de homes e 36,56 % de mulleres)

EXERCICIO FÍSICO PERSONALIZADO

	OURENSE			PONTEVEDRA			VIGO		
	H	M	TOTAL	H	M	TOTAL	H	M	TOTAL
INICIACIÓN AO EXERCICIO FÍSICO	102	62	164	3	14	17	33	42	75
CONDICIÓN FÍSICA XERAL	76	41	117	10	20	30	130	47	177
PERDA DE PESO	24	19	43	0	0	0	22	16	38
FORZA E HIPERTROFIA	7	0	7	6	1	7	30	0	30
DEPORTE DE COMPETICIÓN	0	0	0	0	0	0	25	8	33
RECUPERACIÓN DE LESIÓNS	16	4	20	0	3	3	14	11	25
TOTAL	225	126	351	19	38	57	254	124	378



3.2 Medicina deportiva

3.2.1 Consultas de medicina deportiva


As unidades de medicina deportiva dos tres campus teñen como meta principal garantir a seguridade na práctica de exercicio físico das persoas usuarias. Para acadar este obxectivo trabállase en tres liñas prioritarias: análise do risco cardiovascular de todas as persoas usuarias do Servizo, control regular e periódico dos programas Ponte en forma e, por último, oferta de servizos e asesoramento médico-deportivo puntual e específico.

Durante o curso 2011/2012 297 persoas (186 homes e 111 mulleres) realizaron un total de 473 consultas entre os tres campus, 72 máis que no curso anterior, o que mostra o incremento continuo no grao de aceptación que estes servizos están a acadar entre a comunidade universitaria.

- > Total de consultas realizadas polo alumnado: 48,62 % (66,08 % de homes e 33,91 % de mulleres)
- > Total de consultas realizadas polo PDI/PAS: 38,69 % (61,2 % de homes e 38,8 % de mulleres)
- > Total consultas realizadas por outros colectivos: 12,68 % (80 % de homes e 12 % de mulleres)

CONSULTAS DE MEDICINA DEPORTIVA

	OURENSE			PONTEVEDRA			VIGO		
	H	M	TOTAL	H	M	TOTAL	H	M	TOTAL
CONSULTAS POR LESIÓN	15	5	20	6	0	6	5	2	7
PROBA DE ESFORZO	11	1	12	1	0	1	13	0	13
CONSULTAS DIETÉTICAS	3	9	12	4	0	4	1	0	1
ANTROPOMETRÍA	3	2	5	0	0	0	0	0	0
REV. BÁSICA DEPORTISTAS UVIGO	34	13	47	0	0	0	13	4	17
REV. PONTE EN FORMA	63	42	105	25	37	62	115	46	161
TOTAL	129	72	201	36	37	73	147	52	199



3.3 Fisioterapia

3.2.2. Cuestionarios de screening cardiovascular

A unidade de medicina deportiva realizou tamén a revisión dos cuestionarios de aptitude para o exercicio físico que todas as persoas usuarias deben cubrir antes de participar nalgunha das actividades do Servizo de Deportes. Un total de 194 persoas (9 % do total) mostraron antecedentes ou sinais de risco cardiovascular no seu cuestionario polo que a unidade de medicina deportiva se puxo en contacto con elas para ofrecerlles a posibilidade de realizar un recoñecemento médico que aclarase a súa situación e garantise a seguridade da súa práctica deportiva.

As unidades de fisioterapia dos campus de Vigo e de Ourense continuaron coa consolidación da súa oferta de servizos para a comunidade universitaria. Deste xeito, 135 persoas (70 homes e 65 mulleres) realizaron un total de 362 sesións de fisioterapia, 37 máis ca o ano anterior, que alcanzou case o 100 % de ocupación do horario dispoñible do servizo. O número de consultas segregado por xénero e colectivo foi o seguinte.

CUESTIONARIO SCREENING	OURENSE		PONTEVEDRA		VIGO		TOTAL	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
CUESTIONARIOS REVISADOS	335	100	553	100	1265	100	2153	100
SEN SINAIS DE RISCO	303	89,55	495	89,51	1161	91,88	1959	90,99
CON SINAIS DE RISCO	32	10,45	58	10,49	104	8,22	194	9,01

FISIOTERAPIA	OURENSE			VIGO		
	H	M	T	H	M	T
ESTUDANTES	17	12	29	36	38	74
PAS/PDI	78	70	148	46	58	104
OUTROS	3	1	4	0	3	3
TOTAL	98	83	181	82	99	181

3.4 Proxecto Campus de Ourense saudable-campus ConVida (abril e maio de 2012)

Este proxecto, iniciado no ano 2011, continuou con diferentes actividades como a convocatoria do

I Concurso de Iniciativas Universitarias Promotoras da Saúde ou a organización dunha campaña de sensibilización denominada Martes ConVida en que preto de 350 persoas da comunidade universitaria puideron avaliar diferentes aspectos tanto da súa saúde (niveis de glicemia, tensión arterial, composición corporal etc.) como dos seus estilos de vida (dieta, exercicio físico, consumo de substancias nocivas etc.) e recibir as oportunas recomendacións para mellorar a súa saúde a través dun stand itinerante que visitou os diferentes edificios do campus durante os meses de abril e maio.

3.5 Outras actuacións

3.5.1 Participación en redes: REUS

A Universidade de Vigo continuou participando nesta iniciativa promovida polo Ministerio de Sanidade e Política Social, o Ministerio de Educación e a Conferencia de Reitores das Universidades Españolas (CRUE). As 28 universidades e as nove consellarías autonómicas de saúde que a conforman reuníronse o 24 de febreiro do 2012 en Madrid para compartir os últimos avances realizados no marco deste proxecto ao longo do último ano: a posta en marcha do proceso de constitución do Consello de Dirección, a actualización dos grupos de traballo e dos proxectos enviados polas universidades, o desenvolvemento dunha proposta de plan de universidade saudable ou a celebración do V Congreso Internacional de Universidades Promotoras da Saúde en Costa Rica.

3.5.2 Curso Coida as túas costas para o PAS (coorganizado co Servizo de Prevención de Riscos Laborais)

Repetiuse por terceiro ano consecutivo esta iniciativa que ten como obxectivo mellorar a formación do persoal na prevención das dores de costas e na adquisición de boas posturas de traballo, incrementando deste xeito a cultura da saúde no ámbito laboral. O curso celebrouse nas instalacións deportivas dos tres campus e foi impartido polo persoal médico e técnico do Servizo de Deportes. A participación total foi de 21 persoas (7 homes e 14 mulleres).

3.5.3 Discamino. Proxecto Camiño de Santiago en bicicletas adaptadas (Ourense)

Trátase dun proxecto para realizar o Camiño de Santiago de Compostela en bicicletas adaptadas.

4> COMPETICIÓN

4.1 Competicións internas

4.1.1 Ligas universitarias (novembro de 2011-marzo de 2012)

O programa Ligas universitarias está dirixido ás persoas da comunidade universitaria e inclúe diversas modalidades deportivas de competición, que varían segundo o campus. Con el trátase de darlle respostas ao interese polos deportes de equipo ao tempo que se fomentan valores como a deportividade e o compañeirismo. De novo o regulamento das ligas inclúe un sistema de puntuación Fair Play, que promove o xogo limpo e castiga a falta de deportividade.

Adoita ser a actividade organizada desde o Servizo de Deportes que conta cunha maior participación por parte do alumnado. Entre os tres campus, tomaron parte na fase previa das ligas 2344 persoas (2260 homes e 72 mulleres) agrupadas en 182 equipos.

Os equipos vencedores da fase de campus (a previa) pasaron á fase final intercampus, que neste curso se disputou en Ourense.

Fase final intercampus (Campus de Ourense, 1 e 2 de febreiro)

É a competición interna coa que rematan as ligas universitarias. Os equipos que a disputan son os gañadores das fases previas por campus.

Nesta edición houbo cinco modalidades de competición: baloncesto, fútbol sala feminino e masculino, fútbol 7 e voleibol.

Formáronse 17 equipos e o número de participantes ascendeu a 208, dos cales 172 foron homes e 36 mulleres.





OURENSE

	Nº EQUIPOS	Nº PARTICIPANTES	EQUIPO GAÑADOR
FÚTBOL 7 MASCULINO	12	132 HOMES	LOS AMEXPLICO
FÚTBOL SALA MASCULINO	11	89 HOMES	NOTHINGAM MIEDO
BALONCESTO MASCULINO	2	21 HOMES	RABO Y OTROS
TOTAL	25	242 HOMES	

PONTEVEDRA

	Nº EQUIPOS	Nº PARTICIPANTES	EQUIPO GAÑADOR
FÚTBOL SALA MASCULINO	8	96 HOMES	AMESROOM
FÚTBOL 7 MASCULINO	12	141 HOMES	CELTA DE LA CORUÑA
BALONCESTO MASCULINO	7	73 HOMES	SPARTANS
TOTAL	27	310 HOMES	

VIGO

	Nº EQUIPOS	Nº PARTICIPANTES	EQUIPO GAÑADOR
BALONCESTO MASCULINO	16	192 HOMES	CUVILINGÜE
FÚTBOL SALA FEMININO	6	72 MULLERES	CARDIUM EDULE
FÚTBOL SALA MASCULINO	53	636 HOMES	SOGEVINUS/T. ESPECTÁCULO
FÚTBOL 7 MASCULINO	55	880 HOMES	EQUA FSCM
TOTAL	130	1792 1708 HOMES 72 MULLERES	

INTERCAMPUS

	EQUIPOS	PARTICIPANTES	1º EQUIPO CLASIFICADO	2º EQUIPO CLASIFICADO
BALONCESTO MASCULINO	4	48 HOMES	CUVILINGÜE (VIGO)	SANGRA BONITO (VIGO)
FÚTBOL SALA FEMININO	3	36 MULLERES	INEFTAS (PONTEVEDRA)	CARDIUM (VIGO)
FÚTBOL SALA MASCULINO	4	48 HOMES	SOGEVINUS/T. ESPECTÁCULO (VIGO)	TIPO FC (VIGO)
FÚTBOL 7 MASCULINO	4	48 HOMES	EQUA FSCM (VIGO)	TOTTENHAM ON YORK (VIGO)
VOLEIBOL MASCULINO	2	28 HOMES	OURENSE	PONTEVEDRA
TOTAL	17	208 172 HOMES 36 MULLERES		



4.1.2 Copa Fair Play

Os equipos que tomaron parte nas ligas universitarias tiveron a oportunidade de disputar, logo de finalizar a fase intercampus, a Copa Fair Play, unha competición disputada polo sistema de copa, con enfrontamentos directos a un partido.

Destacou o significativo incremento de participación no Campus de Vigo, que pasou de contar con 120 xogadores na previa da Copa Fair Play no curso pasado aos 828 xogadores na presente competición.

20

OURENSE

	Nº EQUIPOS	Nº PARTICIPANTES	EQUIPO GAÑADOR
FÚTBOL 7 MASCULINO	7	77 HOMES	REAL ZÁMELA
FÚTBOL SALA MASCULINO	6	49 HOMES	REAL ZÁMELA
BALONCESTO MASCULINO	2	21 HOMES	FILLOS!
TOTAL	13	126 HOMES	

PONTEVEDRA

	Nº EQUIPOS	Nº PARTICIPANTES	EQUIPO GAÑADOR
FÚTBOL SALA MASCULINO	6	55 HOMES	OS SOBRIÑOS
FÚTBOL 7 MASCULINO	8	73 HOMES	LOS QUETAS
BALONCESTO MASCULINO	4	39 HOMES	SPARTANS
TOTAL	18	167 HOMES	

VIGO


	Nº EQUIPOS	Nº PARTICIPANTES	EQUIPO GAÑADOR
BALONCESTO MASCULINO	7	84 HOMES	CUVILINGÜE
FÚTBOL SALA FEMININO	4	48 MULLERES	CARDIUM EDULE
FÚTBOL SALA MASCULINO	28	336 HOMES	TITO FC
FÚTBOL 7 MASCULINO	30	360 HOMES	EQUA FSCM
TOTAL	69	828 780 HOMES 48 MULLERES	

- ▶ Fase previa: do 12 de marzo ao 8 de abril de 2012**
- ▶ Fase final: Campus de Vigo, 26 de abril de 2012**
- ▶ Total de participantes na fase previa: 1126 (1078 homes e 48 mulleres) agrupados en 102 equipos.**
- ▶ Participantes na fase final: 216 (186 homes e 30 mulleres) distribuídos en 16 equipos.**

0 sistema de puntuación premia o xogo limpo e sanciona a falta de deportividade

FINAL

	EQUIPOS	PARTICIPANTES	1º EQUIPO CLASIFICADO	2º EQUIPO CLASIFICADO	3º EQUIPO CLASIFICADO
BALONCESTO MASCULINO	3	36 HOMES	VIGO	PONTEVEDRA	OURENSE
FÚTBOL SALA FEMININO	2	24 MULLERES	PONTEVEDRA	VIGO	-
FÚTBOL SALA MASCULINO	3	36 HOMES	VIGO	OURENSE	PONTEVEDRA
FÚTBOL 7 MASCULINO	3	48 HOMES	PONTEVEDRA	VIGO	OURENSE
FÚTBOL 7 PDI-PAS MASCULINO	3	48 HOMES	CIENCIAS VIGO	C. OURENSE	PAS VIGO
VOLEIBOL MIXTO	2	18 HOMES 6 MULLERES	PONTEVEDRA	OURENSE	-
TOTAL	16	216 186 HOMES 30 MULLERES			



4.1.3 Campionatos individuais

Tenis

Lugar: pistas de tenis do Campus de Vigo

Fase previa: do 1 ao 16 de marzo de 2012/fase final: 27 de marzo de 2012

Modalidades: individual masculino, individual feminino e dobres masculinos

Número de participantes: 38

Pádel

Lugar: centro deportivo Maisqueauga de Barreiro (Vigo)

Fase previa: do 12 ao 16 de marzo de 2012/fase final: 20 de marzo de 2012

Modalidade: masculina

Número de participantes: 28

Squash

Lugar: piscina universitaria de Vigo

Fase final: 22 de marzo de 2012

Modalidades: masculina e feminina

Número de participantes: 16 (12 homes e 4 mulleres)

4.1.4 Campionatos PDI e PAS

Torneo de Tenis do Campus de Ourense

A competición comezou cunha liga previa de catro participantes. O gañador foi Roberto Bustillo Bolado, PDI do Campus de Ourense, da Facultade de Empresariais.

Campionato de Deportes de Equipo

A fase previa e final das modalidades de baloncesto masculino e fútbol 7 tiveron lugar no Campus de Vigo e contaron con 72 participantes.

A fase previa desenvolveuse entre o 9 e o 20 de abril e a fase final disputouse o 24 de abril de 2012.

TENIS

INDIVIDUAL MASCULINO	1º	RODRIGO FIGUEROA VÁZQUEZ
	2º	VÍCTOR GARCÍA DOMÍNGUEZ
INDIVIDUAL FEMENINO	1º	MARTA SABORIDO RIAL
	2º	CARLA BARCIELA RODRÍGUEZ

PÁDEL

MASCULINO	1º	HUGO BELENDAS/ENRIQUE MARTÍNEZ
	2º	JAIME BARRAL/JOSÉ ENRIQUE CONDE

SQUASH

FEMENINO	1º	INMA FERNÁNDEZ
	2º	BEGOÑA CORTÉS
MASCULINO	1º	MIGUEL MERCÉ
	2º	MIGUEL JIMÉNEZ

CAMPIONATOS PDI E PAS

TENIS	1º	ROBERTO BUSTILLO BOLADO
BALONCESTO	1º	EQUIPO BLANCO (CAMPUS DE VIGO)
FÚTBOL 7	1º	CIENCIAS (CAMPUS DE VIGO)
	2º	CAMPUS DE OURENSE



4.2 Competicións interuniversitarias

4.2.1 Campionatos galegos

Campionatos organizados e coa participación do Servizo de Deportes da Universidade de Vigo

VI Campionato Galego Universitario de Xadrez

Campus de Vigo, 13 de marzo de 2012

Participantes: 70 (52 na categoría de promoción e 18 na absoluta)

A Universidade de Vigo, un ano máis, foi a de maior representación con 55 xogadores.

A Universidade de Santiago de Compostela fíxose co primeiro posto da clasificación por universidades e coa meirande parte do podio no nivel individual.

Campionato Galego de Orientación (Campus de Vigo, 17 de marzo de 2012)

Nesta 12ª edición participaron máis de 90 corredores das tres institucións académicas galegas xunto con representantes da Escola Naval Militar de Marín.

O campionato realizouse baixo as normas de orientación a pé, denominada carreira en liña, con dous percorridos. A distancia na categoría masculina foi de 5,1 km cun desnivel de 250 metros e con 23 balizas ou controis de paso, mentres que na feminina a distancia foi de 3,5 km e 180 metros de desnivel, con 17 controis.

A competición rematou coa vitoria da Universidade da Coruña tanto por equipo como na clasificación individual. A Universidade de Vigo, anfitriño por segundo ano consecutivo, concluíu a proba en segunda posición, con 355,14 puntos. Foi primeira a Universidade da Coruña con 366,58 e terceira a Universidade de Santiago de Compostela, que acadou 303,44.

Os resultados máis destacados, que permitiron o segundo posto para a Universidade de Vigo, foron na categoría Damas-UNI, o segundo posto de Cristina Fernández López, cun tempo de 33 min 46 s, e o terceiro de Isabel Pastoriza Santos, en 35 min 09 s; e na categoría Homes-UNI o terceiro posto de Martín Pazó Pazó, en 38 min 55 s, e o sexto de Vicente Pastoriza Santos, que completou a proba en 43 min 17 s.

XADREZ

PODIO ABSOLUTO	1º	XOSÉ LUÍS ABEL (USC)
	2º	DANIEL POUSADA (USC)
	3º	MIGUEL MILLÁN (USC)
PODIO DE PROMOCIÓN	1º	DIEGO CHOUCIÑO (USC)
	2º	ÓSCAR CHOUCIÑO (USC)
	3º	DANIEL GIL (UVIGO)
CLASIFICACIÓN POR UNIVERSIDADES	1º	SANTIAGO DE COMPOSTELA
	2º	VIGO
	3º	A CORUÑA



**10 Km Cidade Universitaria 2012.
Carreira-Andaina (Campus de Vigo,
11 de marzo de 2012)**

A proba celebrou a súa sexta edición e como novidade organizouse unha andaina paralela, tamén de 10 quilómetros que transcorría polo campus e chegaba ata o parque forestal de Beade.

80 homes e 15 mulleres pertencentes ás universidades galegas participaron na carreira, en que tomaron a saída un total de 810 deportistas.

En canto á distribución dos 95 universitarios e universitarias participantes 60 pertencían á Universidade de Vigo.

A clasificación na categoría universitaria foi a que reflicte o gráfico.

**Este ano
organizouse
unha andaina
paralela á
carreira**

**Campionatos coa participación da Universidade
de Vigo**

**Campionato Galego Universitario de Deportes
Colectivos (A Coruña, 14 e 15 de marzo de 2012)**

Ao longo de dúas xornadas disputáronse partidos en 11 competicións: fútbol sala masculino e feminino, voleibol masculino e feminino, fútbol 11 masculino, balonmán masculino e feminino, baloncesto masculino e feminino e rugby 7 masculino e feminino. Tomaron parte do campionato un total de 106 xogadores e xogadoras pertencentes á Universidade de Vigo.

A clasificación da Universidade de Vigo foi a que reflicte o gráfico da seguinte páxina.

**Campionato Galego Universitario de Natación
(Santiago de Compostela, 29 de febreiro de 2012)**

Participantes: 17


A Universidade da Coruña clasificouse en primeira posición, con 240,5 puntos; a Universidade de Santiago de Compostela rematou segunda, con 188,5 puntos; e a Universidade de Vigo clasificouse en terceira posición, con 165 puntos.

Os resultados individuais da Universidade de Vigo foron os seguintes.

**Campionato Galego Universitario de PDI-PAS
(Santiago de Compostela, 30 de maio de 2012)**

A competición disputouse nas modalidades de fútbol 7 e baloncesto masculinos. A nosa universidade estivo representada por 23 xogadores que formaban parte de dous equipos de fútbol 7.

Resultados da Universidade de Vigo:



10 Km

UNIVERSITARIA MASCULINA	1º	ROI MÉNDEZ (UVIGO)
	2º	FELIPE MIGUÉNS (USC)
	3º	JAVIER BESADA (UVIGO)
UNIVERSITARIA FEMININA	1º	LORENA SALGUEIRO (UVIGO)
	2º	SARA CASTILLO (UVIGO)
	3º	JARA MARÍA VERA (UVIGO)

DEPORTES COLECTIVOS

BALONMÁN MASCULINO	1º	CIENCIAS DA EDUCACIÓN DE PONTEVEDRA
BALONMÁN FEMININO	1º	FEMENINO EXISTE (CAMPUS DE VIGO)
FÚTBOL SALA MASCULINO	1º	TOMA ESPECTÁCULO/SOGEVINUS (CAMPUS DE VIGO)
FÚTBOL SALA FEMININO	2º	INEFTAS (CAMPUS DE PONTEVEDRA)
BALONCESTO MASCULINO	2º	CUVILINGÜE (CAMPUS DE VIGO)
FÚTBOL 11 MASCULINO	3º	EQUA FSCM (CAMPUS DE VIGO)
FÚTBOL 7 FEMININO	3º	CAMPUS DE PONTEVEDRA
VOLEIBOL MASCULINO	3º	CAMPUS DE OURENSE

25

NATACIÓN

50 M COSTAS MASCULINO	2º	DIEGO LAGO LÓPEZ
	3º	ÁLVARO RODRÍGUEZ FERRO
50 M COSTAS FEMININO	1ª	SANDRA PRESAS PÉREZ
	3ª	ISABEL RAÑA RUIZ
50 M BRAZA MASCULINO	2º	CARLOS ALVES RIVAS
50 M BRAZA FEMININO	2ª	ANA SANABRIA GAGO
50 M BOLBORETA MASCULINO	3º	FRANCISCO JAVIER ÁLVAREZ MARTÍNEZ
50 M BOLBORETA FEMININO	2ª	ISABEL RAÑA RUIZ
100 M LIBRE MASCULINO	2º	ROBERTO RODRÍGUEZ PARADA
100 M LIBRE FEMININO	1ª	LAURA PIMENTEL PÉREZ
100 M BRAZA MASCULINO	1º	CARLOS ALVES RIVAS
	3º	BIEITO MARTÍNEZ PARENTE
100 M BRAZA FEMININO	2ª	ANA SANABRIA GAGO
100 M ESTILOS FEMININO	3ª	MYRIAM VIÉITEZ PORTO
100 M BOLBORETA FEMININO	1ª	LAURA PIMENTEL PÉREZ

PDI-PAS

FÚTBOL 7	1º	CIENCIAS (CAMPUS DE VIGO)
	2º	CAMPUS DE OURENSE



4.2.2 Campionatos de España (marzo-maio de 2012)

Interviron 59 deportistas en fases finais do Campionato de España Universitario (CEU), dos cales 45 en deportes individuais e 14 en colectivos. Dos 59 participantes, 41 eran homes e 18 mulleres. Resumimos os resultados máis destacados.

CEU de Taekwondo (UNED, Las Rozas, do 27 ao 29 de abril de 2012)

A Universidade de Vigo logrou por segundo ano consecutivo facerse co Campionato de España Universitario de Taekwondo por equipos. Tres ouros, unha prata e un bronce son os metais que lle permitiron ao equipo vigués revalidar o título.

Laura Lorenzo en minimosca, Katia Calvar en pluma e Borja Ríos en galo conseguiron cadansúa medalla de ouro, mentres que Lara Ouviaña acadou unha prata en lixeiro e Míriam Docampo un bronce en mosca.

A Universidade de Vigo está presente no podio dos nacionais universitarios de taekwondo de xeito ininterrompido desde o ano 2002 e nesta edición repetíronse os ouros acadados nos anos 2006, 2007 e 2008.

CEU de Atletismo en pista (Universidad de Salamanca, Zamora, do 4 ao 6 de maio de 2012)

O equipo da Universidade acadou tres podios no LX Campionato de España de Atletismo, e tomaron parte preto de 600 atletas.

Os integrantes do equipo da Universidade de Vigo que participaron no campionato acadaron unha medalla de prata e dúas de bronce, ademais de catro quintos postos, un sexto e dous oitavos.

A actuación máis brillante correspondeulle á lanzadora de xavelina Carmen Sánchez Parrondo, que acadou a medalla de prata. Pola súa banda, Víctor Gallego Bernárdez foi quen de gañar a medalla de bronce en lanzamento de disco (2 kg), ao igual que Lucía Pérez Currás, que acadou o terceiro posto da final de triplo salto.

Cómpre sinalar tamén as destacadas actuacións do propio Víctor Gallego Bernárdez na final de peso, que obtivo a quinta posición, así como as de Rocío Carbia Lojo en 5000 m marcha en pista, a de Carlos Revuelta Parra en martelo e Miguel Gómez Rodríguez en 100 m, todos eles quintos nas súas respectivas probas. Pola súa banda, Santiago Ferrer Alonso foi sexto na final de pértega e José Alfonso Palomanes Martínez e Noelia Fernandez Henelo oitavos nas finais de triplo salto e martelo, respectivamente.

CEU de Triatlón (Universitat Catòlica de València, 12 e 13 de maio de 2012)

Óscar Vicente reeditou o título de campión de España universitario e a triatleta Estefanía Domínguez renovou a medalla de prata. Con estes logros, os universitarios vigueses sitúan unha vez máis a Universidade ao máis alto nivel nesta disciplina.

Unha distancia a nado de 750 metros, 23 quilómetros en bicicleta e 5 quilómetros de carreira a pé foron as distancias percorridas tanto na categoría masculina como na feminina.

Óscar Vicente rematou nun tempo de 1 h 00 min 49 s que lle valeu o ouro, mentres que por 55 segundos, Estefanía Domínguez foi segunda, cun tempo de 07 min 50 s, por detrás da atleta da UNED Marta Jiménez.

CEU de Natación (Universidad Camilo José Cela, Alorcón, 26 e 27 de maio de 2012)

No Campionato de España Universitario de Natación as estudantes do Campus de Ourense, Sandra Presas e Laura Pimentel, foron quen de acadar cadansúa medalla de ouro nas probas de 50 costas e 800 libres, respectivamente.

As dúas representantes da Universidade de Vigo tamén gañaron outras tres medallas, unha de prata no caso de Sandra en 100 m costas e unha de prata e unha de bronce para Laura en 400m e 100 m libres, respectivamente.

En total suman cinco metais (2 ouros, 2 pratas e 1 bronce) para a Universidade de Vigo o que lle supuxo un meritorio quinto posto na clasificación xeral por equipos.

CAMPIONATOS DE ESPAÑA

	H	M	MEDALLAS H	MEDALLAS M	MEDALLAS TOTAL
TAEKWONDO	4	5	1	4	5
ATLETISMO EN PISTA	6	4	1	2	3
TRIÁTLON	1	1	1	1	2
NATACIÓN	-	2	-	5	5
CAMPO A TRAVÉS	2	-	-	-	-
VOLEI-PRAIA	2	-	-	-	-
PÁDEL	2	2	-	-	-
TENIS	3	1	-	-	-
TENIS DE MESA	2	1	-	-	-
GOLF	-	1	-	-	-
KARATE	3	-	-	-	-
BÁDMINTON	2	1	-	-	-
TOTAL	27	18	3	12	15



4.2.3 Competicións internacionais

II Campionato Europeo de Taekwondo (Braga, Portugal, do 13 ao 15 de decembro de 2011)

Oito taekwondistas (cinco mulleres e tres homes) participaron no 2º Campionato de Europa Universitario de Taekwondo en representación da Universidade de Vigo: Laura Lorenzo (-46 kg), Míriam Docampo (-49 kg), Olaya Rodríguez (-53 kg), Katia Calvar (-57 kg), Lara Ouviaña (-62 kg), Borja Ríos (-63 kg), David Vidal (-68 kg) e Pablo Fernández (-74 kg).

Rusia foi un dos equipos que máis subiu o nivel entre os participantes, xa que acudiu a este europeo coa súa selección nacional, o que lles permitiu quedar como primeiros clasificados, mentres que a Universidade de Vigo se clasificou en segundo posto.

Os taekwondistas da Universidade de Vigo conseguiron seis medallas: catro pratas e dous bronce. Laura Amoedo, Katia Calvar, Lara Ouviaña e Pablo Fernández fixéronse coa prata e Olaya García e Borja Ríos co bronce.

É un grande éxito, sobre todo tendo en conta que o equipo está en pleno proceso de renovación e que dos oito deportistas desprazados a terras lusas tan só tres repetían neste campionato organizado pola Asociación Europea de Deporte Universitario (EUSA), Federación Portuguesa de Deporte Universitario (FADU) e a Universidade do Minho.

Campionato Mundial Universitario de Taekwondo (Pocheon, Corea, do 25 ao 30 de maio de 2012)

A Universidade de Vigo estivo representada en Pocheon (Korea) por tres taekwondistas: Katia Calvar, Laura Lorenzo e Borja Ríos.

Borja, estudante de Fisioterapia no Campus de Pontevedra, competiu na categoría -63 kg e obtivo a medalla de bronce, ao igual que Laura, estudante na Escola de Enfermaría de Pontevedra, que o fixo na categoría -46 kg.

Participación na 27ª Sultan Marathon des Sables (deserto do Sáhara marroquí, do 8 ao 15 de abril de 2012)

Na 27ª Sultan *Marathon des Sables*, o Campus de Ourense presentou un equipo mixto, formado por Antonio Molina (1ª participación), PDI do Campus de Ourense, Ana Guede (2ª participación) e José M. García Calvo «Willy» (3ª participación), responsable das rutas culturais. O equipo clasificouse no posto 25, dun total de 36 equipos.

Dun total de 858 participantes, individualmente Ana clasificouse 13ª na súa categoría e 556ª da xeral, Antonio no posto 468ª da xeral e «Willy» 9ª da súa categoría e 434ª na xeral.

O resultado foi máis que satisfactorio, ao tratarse dunha das carreiras de longa distancia máis duras e esixentes do mundo, con 240 km de percorrido, 7 días de duración e na que se retiraron 60 corredores.



5 > FORMACIÓN E DIVULGACIÓN

5.1 Obradoiro de voluntariado en eventos deportivos (Pontevedra, do 11 de outubro ao 16 de decembro de 2011)

Curso semipresencial que contou coa colaboración da Vicerreitoría do Campus de Pontevedra.

Participantes: 18 persoas (11 mulleres e 7 homes)

O obradoiro constaba de sete temas que levaban asociada unha tarefa. Contiña unha primeira parte teórica con exercicios prácticos de 20 horas de duración, impartida en liña a través da plataforma Tem@. A parte práctica tivo unha duración de 10 horas que incluía a colaboración nun evento celebrado no Campus de Pontevedra, no Campionato de Baile Deportivo Cidade de Pontevedra, ou no Maratón Solidario de Aeróbic Universidade de Vigo. Javier Rial, Diego Alonso e Carmen Veleiro impartiron o curso.

5.2 Prácticas no Campus de Ourense

Dous alumnos en prácticas do Máster en Xestión Empresarial do Deporte de abril a xuño de 2012.

Un alumno de prácticas do TAFAD, de abril a xuño de 2012.

Unha persoa colaboradora de xaneiro a agosto de 2012, grazas ao convenio de integración laboral para persoas con síndrome de Down.

5.3 Prácticum do alumnado da Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte

Unha alumna do último curso da Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte do Campus de Pontevedra realizou o seu prácticum nas instalacións do Servizo de Deportes do Campus de Vigo e coñeceu de preto o funcionamento e a organización dos diferentes programas e actividades. Fíxose fincapé na prescrición de exercicio físico saudable para as mulleres na sala cardio-*fitness*, así como nos procesos de avaliación da calidade do servizo percibida polas usuarias desta instalación.



5.4 Proxectos do alumnado do Máster en Dirección Integrada de Proxectos

Un estudante do Máster en Dirección Integrada de Proxectos do Campus de Pontevedra realizou unha análise das actividades de deporte e saúde que se desenvolven no Campus de Vigo con motivo do seu traballo de fin de mestrado. Esta avaliación centrouse sobre todo nos aspectos organizativos e de xestión deste programa e serviu para que o alumno practicasa os coñecementos teóricos adquiridos no resto de módulos da súa titulación.

5.6 Participación no III Congreso Iberoamericano de Economía del Deporte (València, 7 e 8 de xuño de 2012)

O Servizo de Deportes, en colaboración co Departamento de Economía Financeira e Contabilidade e co de Didácticas Especiais presentou dúas comunicacións «Satisfacción do usuario de instalacións deportivas universitarias: unha aproximación multidimensional á súa medida» e «Unha aposta de futuro na xestión enerxética das instalacións deportivas».

5.5 Proxectos do alumnado do Máster en Xestión Empresarial do Deporte

Dous alumnos deste mestrado impartido no Campus de Ourense realizaron os seus traballos de fin de mestrado en colaboración co Servizo de Deportes. Un deles consistiu nunha análise da satisfacción das persoas usuarias de instalacións deportivas universitarias. O segundo centrouse na mellora da xestión enerxética en instalacións deportivas.

6 > SECCIÓNS FEDERADAS

6.1 Campus de Ourense



Baloncesto

Número total de licenzas federativas: 40 (24 masculinas e 16 femininas)

Equipos

Un equipo sénior masculino, con 12 xogadores, competindo en Primeira División.

Un equipo sénior feminino, con 16 xogadoras, competindo en Primeira División Autonómica.

Un equipo júnior masculino, con 12 xogadores, competindo en Primeira División Júnior.

Resultados destacados

O equipo feminino xogou a fase de ascenso a Primeira División Nacional, e conseguiu o ascenso.

O equipo júnior, logrou o título no Torneo Copa Deputación.

Tenis

Número total de licenzas: 37 (32 homes e 5 mulleres)

Equipos

Dous equipos sénior:

O primeiro equipo xoga en 2ª B e disputou a fase de ascenso.

O segundo equipo xoga en 3ª división.

Un equipo júnior mixto, onde xogan tres rapazas.

Un equipo veteranos +35.

Un equipo veteranos +45, que xogou a fase de ascenso.

O baloncesto sénior feminino conseguiu o ascenso a Primeira División Nacional

Xadrez

Número total de licenzas: 18 (16 homes e 2 mulleres)

Equipos

A sección federada conta con dous equipos: Universitario Ourense A e Universitario Ourense B. O primeiro equipo participou na Primeira División Galega e o segundo na Terceira. O equipo B conseguiu o ascenso á Segunda División.

Rugby

Número total de licenzas: 115 (93 homes e 22 mulleres)

Equipos

A sección componse de tres equipos: masculino, feminino e cadete/infantís.

O masculino, con 48 fichas, xoga a Liga Galega.

O feminino, con 22 fichas, participou por primeira vez en competicións federadas, e disputou a Liga Galega.

O equipo cadete/infantís conta con 45 membros.



6.2 Campus de Vigo

Rugby: Universidade de Vigo Rugby Club

Número total de licenzas : 236 licenzas federativas

Equipos federados:

Tres equipos sénior: un masculino en competición nacional, o Universidade de Vigo Iveco, un equipo masculino en competición autonómica, o sénior B, e un feminino en competición autonómica.

Un xuvenil e un cadete en competición autonómica.

Resultados destacados:

O equipo sénior A participou por primeira vez na máxima categoría nacional, a Liga de División de Honor, e logrou a permanencia. Resultou ademais campión da Copa Xunta de Galicia.

O equipo sénior B foi campión da Liga Rexional Galega, campión da Copa Federación Galega e semifinalista da Copa Xunta.

Pola súa banda, o sénior feminino rematou a Liga Galega como segundo clasificado e resultou subcampión da Copa Xunta.

Os cadetes proclamáronse campións da Liga Galega, subcampións da Copa Xunta e participaron tamén no Campionato de España que se celebrou en Madrid. Os xuvenís participaron na Liga Galega e na Copa Xunta.

Os máis novos (xabatos, benxamíns, alevíns e infantís) participaron nos torneos internacionais de Valladolid, Madrid, Braga e Vigo e nas concentracións organizadas pola Federación Galega de Rugby.

Carreiras populares

Número de corredores: 26; 6 mulleres e 20 homes (8 estudantes, 13 PDI-PAS, 4 ex-alumnos)

O equipo estivo presente en carreiras populares en ruta, de *cross* e *trails* de montaña.

Entre elas: II 10 Kms Xornadas Marisqueiras do Berbés, V Carreira Popular A Coruña 10 km, 34ª Carreira Pedestre Popular Camiño de Santiago, XXXV Carreira Pedestre Popular do San Martiño, I Carreira Benéfica Nocturna Bembrive, XXXVIII Trofeo de Pedestrismo Concello de Cangas, L Carreira do Pavo Vigo, 10 km Interrunning Piñeiro Porriño 2012, 10 Km Cidade Universitaria 2012, Carrera de Montaña del Alto Sil, XIII Vig-Bay 2012, Marató Barcelona, II Trail de Alvelos, Trail Serra do Galiñeiro, XXXV Trofeo Campo a Través San Miguel de Oia e Travesía Integral de los Montes Aquilianos.

Resultados relevantes

10 Km Cidade Universitaria: 12 participantes. Mellor posto: 1º categoría universitarios e 12º na xeral para Roi Méndez Rial.

XIII Vig-Bay 2012: 10 participantes. Mellor posto: 26º na súa categoría e 41º na xeral para Roi Méndez Rial.



Tenis

Número de licenzas federativas: 38

Equipos

A sección federada estivo integrada por catro equipos: feminino, masculino A, masculino B e veteranos +35.

Resultados destacados

O equipo feminino, composto por seis xogadoras, chegou ata as semifinais do Campionato de España por Equipos en categoría C.

Formaron parte dos equipos masculinos A e B un total de 23 xogadores. O equipo A participou na primeira categoría do Campionato Galego por Equipos, mentres que o equipo B conseguiu manterse en segunda B.

Os nove xogadores dos veteranos +35 ascenderon á primeira categoría no Campionato Galego +35 por Equipos.

Triatlón

Licenzas federativas a finais de 2011: 20 (19 homes, 9 en absoluto e 10 en veterano, e unha muller en absoluto).

Licenzas federativas en 2012: 10 (9 homes, 3 en absoluto e 6 en veterano, e unha muller en absoluto)

Probas en que participou:

Circuíto Galego de Dúatlon *Cross*

Circuíto Xunta de Galicia de Dúatlon de Estrada

Circuíto Xunta de Galicia de Tríatlón de Estrada

Campionato Galego de Acuatlón

Campionato Galego de Tríatlón *Cross*

Campionato de España de Tríatlón Distancia Sprint

Campionato de España de Tríatlón Distancia Olímpica

Campionato de España Universitario

Carreiras de orientación

Número de licenzas: 28 (18 masculinas e 10 femininas)

Competicións disputadas no curso

2011/2012: cinco últimas probas da XX Liga Galega de Orientación e cinco primeiras probas da XXI Liga Galega de Orientación.

Resultados destacados na XX Liga Galega de Orientación:


5º posto na clasificación xeral por equipos, dun total de 25.

Individualmente destaca o 2º posto en damas-élite de Isabel Pastoriza Santos, o 4º en homes-élite de José M. Álvarez Cabero e o 5º de Ana Iglesias Junzalvos en damas-35.

Resultados destacados nas cinco primeiras probas da XXI Liga Galega de Orientación:

O Universidade de Vigo fíxose ata o mes de xuño co 4º posto da clasificación galega O-Pie 2012, con 2970 puntos, encabezado por Fluvial con 5869, Liceo con 5185 e Aromon con 4360.

Individualmente, Carla Veiga García conseguiu o 3º posto en damas-élite, Julia Fuertes Saco o 1º posto en damas-14 e Cristina Fernández López e Ana Iglesias Junzalvos o 2º e 3º posto, respectivamente, en damas-35.



Xadrez

Total de licenzas federativas: 43 (40 en categoría masculina e tres en feminina)

Equipos en competicións federadas:

Un equipo na Liga Galega de División de Honra: campión da fase regular da Liga Galega e campión galego de clubs por primeira vez na historia da sección. Este equipo participou tamén a principios de agosto de 2012 no Campionato de España de Clubs de Primeira, e clasificouse como o 7º mellor equipo.

Un equipo na 1º División Galega para a promoción do deporte en idade escolar: resultou 4º clasificado na Liga Galega.

Competicións federadas individuais:

Campionato Galego Absoluto (Padrón, do 31 de marzo ao 6 de abril de 2012): Pablo García clasificado en terceiro lugar (bronce).

Selección Galega Absoluta. Campionato de España (Lugo, do 1 ao 4 novembro de 2011): a Selección Galega convocou os mestres internacionais da Universidade de Vigo, Roberto Paramos, Manuel Pena e Pablo García e a vixente campioa de España Yudania Hernández.

Competicións internacionais (ata xuño de 2012):

XL Olimpíada Mundial de Xadrez (Istambul, do 27 de agosto ao 10 de setembro de 2011): Yudania Hernández liderará o equipo olímpico feminino español.

***O equipo
de xadrez
proclamouse
campión galego***

7 > EVENTOS

7.1 Organizados polo Servizo de Deportes

Torneo Zonal de Xadrez Campus de Ourense

Campus de Ourense, 22 de outubro de 2011

O campus acolleu a celebración deste torneo por quinto ano consecutivo. Participaron un total de 25 xadrecistas, procedentes de clubs de toda Galicia.

A clasificación xeral recóllese na seguinte páxina.

Maratón de Aeróbic e Pilates Solidario (Pontevedra, 14 de decembro de 2011)

O pavillón universitario de Pontevedra acolleu, un ano máis, a iniciativa benéfico-deportiva organizada polo Servizo de Deportes e a Vicerreitoría do Campus de Pontevedra, que propón que cada participante achegue como mínimo un quilogramo de alimentos non perecedoiros, que posteriormente se destina ao comedor dos padres franciscanos, a cambio dunha sesión intensiva de aeróbic e pilates. Con esta proposta conseguiuase recadar dun xeito saudable máis de 250 kg de comida.

Participaron case 100 persoas, a maioría membros da comunidade universitaria. Como novidade, este ano incluíuse unha sesión de zumba.

XI Trofeo Universidade de Vigo de Orientación (Campus de Vigo, 24 de marzo de 2012)

423 corredores (255 homes e 168 mulleres) procedentes de diversos puntos de Galicia, Asturias, León e Portugal participaron nesta carreira, puntuable na XXI Liga Galega de Carreiras Orientación, baixo a coordinación do Club Universidade de Vigo e en colaboración coa Asociación Galega de Clubs de Orientación.

Por primeira vez a proba tivo lugar no Campus de Vigo e aproveitáronse os traballos de cartografía desenvoltos pola sección federada de carreiras de orientación.

Os corredores, tanto federados como non federados, participaron nalgunha das 24 categorías definidas (oficiais e non oficiais) e realizaron algún dos dez percorridos polo campus marcados por diferentes zonas do plano.

As mellores clasificacións pola Universidade de Vigo recóllese na seguinte táboa.

ORIENTACIÓN

DAMAS-35	1ª	CRISTINA FERNÁNDEZ LÓPEZ
DAMAS-ELITE	2ª	ISABEL PASTORIZA SANTOS
HOMES-45	1º	DAVID ELADIO PINAL OTERO
HOMES-21B	2º	JAVIER COSTAS FIGUEROA



Carreira-Andaina 10 Km Cidade Universitaria (Campus de Vigo, 11 de marzo de 2012)

O domingo 11 de marzo tivo lugar a VI edición da Carreira 10 Km Cidade Universitaria. Paralelamente, organizouse a primeira edición dunha andaina que transcorreu polo campus e polo parque forestal de Beade, tamén de 10 km.

Rexistrouse un novo récord de participación na carreira, pois tomaron a saída un total de 810 corredores. A primeira edición da andaina contou con 120 participantes, que valoraron moi positivamente a iniciativa.

O gañador da carreira foi o marroquí Hassan Lekhili, por diante do portugués Marco Morgado que estivo pegado á cabeza de carreira case toda a proba, e tras el o atleta ourensán Alejandro Fernández. En categoría feminina a gañadora foi a portuguesa Claudia Pereira do Sporting Club de Braga, seguida de María Xesús Gestido e de Águeda Blanco. A principal novidade da carreira nesta sexta edición foi a da mellora do circuío: unha parte transcorría polo interior da Cidade Deportiva do Círculo Mercantil, que pasou a desenvolverse en só dúas voltas de 5 km cada unha.

A clasificación final da carreira nos primeiros cinco postos foi a que segue a continuación

Nestes eventos o Servizo de Deportes reuniu a máis de 1500 persoas

10 KM CIDADE UNIVERSITARIA

CATEGORÍA MASCULINA			CATEGORÍA FEMININA	
1	HASSAN LEKHILI	29 min 59 s	CLAUDIA PEREIRA	36 min 09 s
2	MARCO MORGADO	30 min 08 s	MARÍA JESÚS GESTIDO	36 min 42 s
3	ALEJANDRO FERNÁNDEZ	30 min 21 s	ÁGUEDA O. BLANCO	38 min 41 s
4	AKKA ESSAADAoui	31 min 02 s	M ^a DE LAS MERCEDES GÓMEZ	39 min 03 s
5	JOSÉ ANTONIO RAMALLO	32 min 34 s	SARA PÉREZ	40 min 01 s



Eventos en liña

Concurso *Playmaker* Facebook

Na procura de novas vías de implicación do alumnado co servizo e a actividade deportiva en xeral puxéronse en marcha dous xogos en liña a través da páxina de Facebook. O primeiro consistiu nun concurso que se desenvolveu mensualmente e que poñía a proba os coñecementos dos siareiros do servizo en relación coas competicións deportivas de elite. O segundo desenvolveuse durante a Eurocopa de Fútbol 2012 e aproveitaba a plataforma Comunio. Máis de 300 persoas participaron nestas dúas iniciativas.

Retransmisión da final do Campionato Galego de Xadrez (Campus de Vigo, 12 de maio de 2012)

A sección de xadrez da Universidade de Vigo impulsou a retransmisión en liña e en rigoroso directo da final da Liga Galega de Clubs, mediante a achega dos medios materiais e técnicos necesarios. Unha aposta pola introdución das novas tecnoloxías nun dos deportes de maior proxección na rede.

A retransmisión en liña non é algo novo para a Universidade, pois o Universidade de Vigo de Xadrez foi o primeiro club galego en levar á rede un encontro da Liga Galega de Xadrez no ano 2009.

Os datos de seguimento son claramente indicativos do potencial do xadrez na rede. Chegouse a picos de máis de 700 IP conectadas ao mesmo tempo cunha duración superior aos 25 minutos, durante as cinco horas de duración do encontro, máis de 12000 visitas á retransmisión das partidas no mesmo día e o posterior, case 4000 descargas das partidas xogadas unha vez finalizado o encontro, e de 14 países diferentes.

7.2 Sedes doutras actividades e eventos

Campus de Ourense

Torneo de Tenis benéfico-social *Acción Contra a Fame* (decembro de 2011)

Disputouse nas pistas de tenis do Campus de Ourense e estivo aberto á participación de calquera persoa interesada. Foi organizado polo Club de Tenis Dereito Empresariais e contou con 26 participantes. A recadación entregóuselle á Asociación Acción Contra a Fame.

Torneo de Tenis aberto *S. Raimundo de Peñafort* (xaneiro de 2012)

Organizado polo Club de Tenis Dereito Empresariais, neste torneo soamente poden participar xogadores con licenza federativa. Desenvolveuse nas pistas de tenis do Campus de Ourense. Houbo un total de 16 participantes.

Torneo de Tenis de persoal da Universidade de Vigo *S. Raimundo Peñafort* (xaneiro de 2012)

Dirixido a xogadores sen licenza membros do PAS ou PDI da Universidade de Vigo e organizado polo Club de Tenis Dereito Empresariais.



X Torneo Universitario Aberto de Tenis (maio de 2012)

Foi organizado polo Club de Tenis Dereito Empresariais e participaron 70 homes (16 na categoría de +45 homes, 16 na categoría de +35 homes, 14 na categoría júnior masculino e 24 na categoría absoluto homes).

Torneo Seven da Federación Galega de Rugby (9 e 10 de xuño de 2012)

Este torneo forma parte dun circuío galego que se celebra na Coruña, Ourense e Pontevedra. A fase final, en sistema de todos contra todos, celebrouse nas instalacións do Campus de Ourense.

Paralelamente disputouse un partido de *Seven* entre o club de rugby feminino do Campus de Ourense (que resultou gañador) e un equipo de Vilagarcía de Arousa.

I Encontro de colexios na práctica do rugby (26 e 27 de maio de 2012)

Houbo sesións de iniciación e fomento da práctica do rugby e asistiron nenos e nenas de educación primaria de todos os colexios da zona. Participaron máis de 70 nenos e nenas.

Campus de Pontevedra

Veladas de Boxeo e Kickboxing (19 de outubro de 2011 e 4 de maio de 2012)

O pavillón universitario do campus acolleu dúas veladas de boxeo e *kickboxing*. Participaron nos combates 14 deportistas, 12 afeccionados e 2 semiprofesionais e destacou a grande afluencia de público.

Campionato júnior de Kickboxing (16 de abril de 2012)

Celebrouse o Campionato Galego desta modalidade en categoría júnior coa participación de preto de 150 deportistas nunha competición que se desenvolveu durante todo o día.

Velada de Kickboxing (16 de abril de 2012)

Celebrouse o Campionato Galego desta modalidade en categoría júnior coa participación de preto de 150 deportistas nunha competición que contou coa presenza de numeroso público nas gradas.

Cursos de Taichí (25 e 26 de febreiro de 2012)

Déronse cita no pavillón universitario pontevedrés mestres internacionais de diferentes variantes da modalidade e invitados especiais procedentes da Universidade de Pekín.

Debido a que as prazas eran limitadas o acceso foi restrinxido a 60 persoas, por rigorosa orde de inscrición.

Campionato Galego Sénior e Cadete de Loitas Olímpicas (21 de xaneiro de 2012)

Durante todo o día celebrouse no pavillón universitario este campionato, que contou coa participación de máis de 200 deportistas e coas bancadas ategadas de público que acompañaba os distintos deportistas.



Trimaratón (13 de decembro de 2011)

O Trimaratón estivo organizado polo Club de Ciencias da Actividade Física e o Deporte (CAFYD) que aglutina alumnado e ex-alumnado desta facultade. Trátase dunha competición mixta en canto aos seus participantes e ás modalidades, xa que os equipos son mixtos en fútbol sala, baloncesto e balonmán.

Celebrouse no pavillón universitario e o número de participantes superou os 100.

Mundialito PONT-E Group (7 de abril de 2012)

Este campionato de fútbol sala celebrouse no pavillón universitario e foi organizado por estudantes da materia de Deseño publicitario multimedia pertencente á Licenciatura de Publicidade e Relacións Públicas. Contou coa participación de máis de 15 equipos e 100 participantes.

Concentración Infantil FGA (14 de abril de 2012)

Fíxose cesión das instalacións do pavillón para que a Federación Galega de Atletismo puidese celebrar unha concentración de atletas de categoría infantil de toda a provincia. Así, máis de 200 nenos e nenas realizaron diferentes probas na pista.

Campus de Vigo

Oposicións a policía local do Concello de Gondomar (18 de xuño de 2012)

O Concello de Gondomar realizou as probas de acceso para o corpo de Policía Local nas instalacións deportivas do campus.

Probas físicas para árbitros da Federación Galega de Fútbol (setembro de 2011-marzo de 2012)

O Colexio de Árbitros de Fútbol de Vigo utilizou un día ao mes a pista de atletismo para realizar os seus adestramentos.

Curso Sportident pola Federación Galega de Orientación (10 de maio de 2012)

A Asociación Galega de Clubs de Orientación realizou nas instalacións un Curso de cronometraxe Sportident.

Prácticas do Curso de adestrador da Escola Galega de Adestradores de Fútbol (12, 19 e 26 de abril de 2012)

Celebrouse no campo de fútbol do campus.

Programa de formación permanente de profesorado: curso *Coida as túas costas* (marzo de 2012)

A Área de Formación e Innovación Académica da Universidade realizou esta actividade na sala de ioga do edificio de Deportes durante as tardes do mes de marzo.

Obradoiro de risoterapia (29 de febreiro de 2012)

O Gabinete Psicopedagóxico da Universidade organizou na sala de ioga un Obradoiro de risoterapia.

Curso de Escalada en rocódromo (17 e 18 de decembro de 2011)

A Escola Galega de Espeleoloxía realizou no pavillón de deportes as probas do Curso de técnicos I e II de escalada en rocódromo.



**Escola de Rugby universitaria
(outubro de 2011-xuño de 2012)**

O Vigo Rugby Club Universidade de Vigo organizou unha escola de rugby para nenos e nenas entre 6 e 12 anos. A actividade desenvolveuse no campo de rugby todos os sábados pola mañá, e esta tempada contou con 70 persoas inscritas.

Campus Camp (do 22 de xuño ao 31 de xullo de 2012 e do 3 ao 7 de setembro de 2012)

Un ano máis, as nenas e nenos dos colectivos PDI e PAS con idades comprendidas entre os 6 e os 13 anos puideron usar, grazas á iniciativa Campus Camp, as instalacións do Servizo de Deportes para o desenvolvemento de actividades lúdico-deportivas coa finalidade de facer máis doado que o persoal da Universidade poida compatibilizar a vida profesional coa familiar.

Campus de Baloncesto Seis do Nadal (do 2 ao 8 de xullo de 2012)

O equipo de baloncesto Seis do Nadal organizou un Campus de Baloncesto para máis de 100 nenos e nenas nas instalacións deportivas.

Xornadas Escolares de Iniciación ao Atletismo xunto co Servizo Provincial de Deportes da Xunta (16 de maio de 2012)

O Instituto Augas da Laxe de Gondomar celebrou unhas xornadas de coñecemento do atletismo para alumnado de educación secundaria.

Torneo de Rugby Escolar (26 de maio de 2012)

O equipo de rugby da Universidade organizou un Torneo de Rugby Escolar, en que participaron 400 xogadores.

Torneo de Rugby Touch (12 de maio de 2012)

O equipo de rugby da Universidade de Vigo organizou un Torneo Internacional Sénior de Rugby Touch cos equipos de València, La Laguna, Coímbra e Vigo.

Curso de monitor deportivo polivalente (outubro de 2011-abril de 2012)

A Federación Galega de Ximnasia impartiu un curso de monitor deportivo polivalente nas instalacións deportivas do campus, que empregou como punto de referencia a aula de seminarios do edificio do Servizo de Deportes.

7.3 Outras colaboracións

Carreira Pedestre Castrelo de Miño. Castrelo de Miño (Ourense)

Carreira popular organizada polo Concello de Castrelo de Miño. O Servizo de Deportes do Campus de Ourense colaborou con material deportivo para o desenvolvemento da proba.

Andaina Unicef

Campus de Ourense, 12 de outubro de 2011

Andaina con fins benéficos, organizada pola asociación Unicef de Ourense, en que o Campus de Ourense colaborou mediante a cesión das instalacións e con apoio loxístico. O percorrido, de 10 quilómetros de lonxitude, partiu da praza Maior de Ourense e rematou no campus universitario.

Termas Outariz-Ibernisha (Campus de Ourense)

Sesións de taichí e *fitness* para a comunidade universitaria dirixidas por monitores de *fitness* do Servizo de Deportes do Campus de Ourense.

II Carreira Popular Santa Bárbara (Campus de Vigo, 12 de decembro de 2012)

A delegación de alumnado da Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas de Vigo, en colaboración coa Vicerreitoría de Extensión Universitaria e co asesoramento técnico do Servizo de Deportes, organizou a segunda edición desta carreira, dirixida a toda a comunidade universitaria, con inscrición gratuíta e cun percorrido de 5000 metros de lonxitude. A saída tivo lugar na pista de atletismo para dar cinco voltas ao circuíto Alejandro Gómez e volver entrar na meta da pista.

Participantes: 48 corredores (44 homes e 4 mulleres)

II Sláalom Automobilístico Cidade Universitaria (Campus de Vigo, 1 de abril de 2012)

Esta segunda edición do Sláalom de coches Cidade Universitaria, organizado pola escudaría universitaria Enxes Motor, formada por alumnado da Escola de Enxeñaría Industrial e de Telecomunicacións, coa colaboración da Vicerreitoría de Extensión Universitaria.

A competición, puntuable para o Campionato Galego desta especialidade, congregou ao redor de 2000 persoas, entre participantes e público.

Xornadas de Comunicación e Deporte

As V Xornadas de Comunicación e Deporte tiveron lugar na Facultade de Ciencias Sociais do Campus de Pontevedra durante os días 24 e 25 de outubro baixo o título xenérico de «O deporte que non é deporte».

Asistiron ás devanditas xornadas preto de 60 estudantes pertencentes na súa maior parte aos graos en Ciencias da Actividade Física e o Deporte e Publicidade e Relacións Públicas.

Nestas xornadas tratouse a situación das modalidades recoñecidas como «deporte» e que carecen dunha clara compoñente de actividade física, entre elas: a caza, a pesca, o bridge ou o fútbolín.

A coordinación correspondeulle, como en edicións anteriores, á profesora Ana Belén Souto Fernández.



Descubrinto o Norte, actividade de orientación para escolares

O 25 de maio desenvolveuse nas instalacións do Campus de Vigo a última xornada do proxecto Descubrinto o Norte, dirixido ao alumnado de 5º e 6º de primaria do CEIP Escultor Acuña de Vigo.

A xornada organizouse en dúas sesións. A primeira centrouse fundamentalmente en aspectos ambientais e científicos. Na segunda parte o deporte foi o protagonista. Participaron docentes, estudantes e familiares, ademais dalgúñas persoas invitadas pertencentes á comunidade escolar. Todos os e as participantes practicaron o deporte de orientación.

Para desenvolver a actividade realizouse a cesión do plano do campus elaborado pola sección de orientación.

Participaron 120 persoas (42 estudantes, 72 familiares e 6 invitadas).

Colaboración da sección de orientación co programa Xogade

A sección de orientación da Universidade de Vigo actúa como coordinadora deste deporte para os centros escolares promovido pola Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

O persoal da sección de orientación organizou charlas, cursos e actividades para dar a coñecer o deporte de orientación en 20 centros educativos galegos (oito de Pontevedra, cinco de Ourense, cinco da Coruña e dous de Lugo).

A sección de orientación da Universidade actúa como coordinadora deste deporte para os centros escolares de Galicia

8 > OUTRAS ACTUACIÓNS

8.1 Calidade e xestión ambiental

Estudo da calidade percebida polas persoas usuarias do Servizo de Deportes

O Servizo de Deportes continuou con este traballo de análise das percepcións das persoas usuarias, que se vén desenvolvendo ininterrompidamente dende o ano 2005. Nesta ocasión realizouse unha recollida de 605 cuestionarios distribuídos en función da poboación total das usuarias e usuarios dos diferentes campus (4 % de erro de mostraxe): 128 no Campus de Ourense, 119 no Campus de Pontevedra e 358 no Campus de Vigo.

O cuestionario empregado constaba dunha primeira parte onde se analizaban aspectos xerais de funcionamento (oferta de actividades, difusión, a atención recibida nas instalacións...) e dunha segunda parte en que se avaliaban de forma específica algúns dos programas de actividade do Servizo de Deportes: escolas deportivas, ligas universitarias, rutas culturais, salas cardio-*fitness* e servizos de Deporte e Saúde.

Implantación dun sistema de xestión ambiental

Durante este curso iniciouse na Biblioteca Central e no Servizo de Deportes de cada un dos tres campus o proceso de implantación dun sistema de xestión ambiental conforme os requisitos da norma ISO 14001:2004.

A fase I consistiu nunha auditoría previa que se desenvolveu durante os meses de novembro e decembro. A fase II do proceso para a certificación incluíu xa unha auditoría externa por parte de Aenor (Asociación Española de Normalización e Certificación), que se realizou entre o 30 de abril e o 2 de maio.

Como resultado xerouse un informe que recollía as melloras necesarias para acreditar o compromiso co medio, minimizando os impactos e favorecendo a mellor xestión dos recursos. A implantación destas melloras supuxo finalmente a concesión do certificado para todas as instalacións dependentes do Servizo de Deportes.





8.2 Internacionalización: Participación na European Network of Academic Sport (ENAS)

O responsable do Servizo de Deportes participou na 14ª Conferencia Anual da ENAS, celebrada en Amberes (Bélxica) entre o 9 e o 11 de novembro.

O tema principal da xuntanza centrouse nas «Estratexias de posicionamento e o márketing deportivo» nas universidades. Nesta ocasión asistiron á conferencia preto de 100 representantes de universidades europeas procedentes de 17 países.

No transcurso da conferencia renovouse o comité executivo desta rede universitaria, e elixiuse como membro a Javier Rial, responsable do Servizo de Deportes da Universidade de Vigo. O cargo de presidente recaeu na persoa de Duarte Lopes, responsable deportivo da Universidade de Lisboa.

8.4 Formación do persoal

Curso de prevención de riscos para o persoal do Servizo de Deportes. Situación de emerxencias e primeiros auxilios (videoconferencia dende o Campus de Vigo, 15, 16, 19 e 20 de decembro de 2012)

Curso impartido polo persoal técnico do Servizo de Prevención da Universidade de Vigo e por persoal do parque de bombeiros de Vigo.

Contou con asistencia de todo o persoal laboral do Servizo de Deportes dos tres campus.

Xornada de Sensibilización Ambiental (videoconferencia dende o Campus de Vigo, 27 de xuño de 2012)

Tras a implantación nas instalacións deportivas dos tres campus dun sistema de xestión ambiental (SXA) conforme a norma ISO 1401:2004 organizouse unha xornada de formación. Esta foi impartida por unha consultora da empresa Novotec, e desenvolveuse a través de videoconferencia para os campus de Pontevedra e Ourense e presencial para o persoal traballador do Campus de Vigo.

Curso de linguaxe oral non discriminatoria (Campus de Vigo, 4 de xuño de 2012)

Esta acción formativa sobre linguaxe oral non discriminatoria dirixida en exclusiva ao persoal técnico de instalacións deportivas (ATID) do Campus de Vigo.

8.3 Recoñecementos

A deportistas da Universidade

Recoñecemento outorgado pola Xunta de Galicia á xogadora de xadrez Yudania Hernández, nomeada Deportista Galega de Alto Nivel, unha distinción que ata o de agora só lle fora outorgada ao gran mestre Iván Salgado. Hernández, que é a vixente campioa de España absoluta, convértese con este recoñecemento na primeira muller na historia do xadrez en recibir esta distinción.

8.5 Bolsas e créditos

Bolsas para o alumnado colaborador

O traballo do Servizo non sería posible sen o bo facer dos bolseiros e bolseiras que día a día participan activamente na organización de actividades, recollida de datos para enquisas e coordinación de competicións. Sen eles e elas non sería posible levar a cabo o extenso programa deportivo que se oferta.

Neste curso académico o Servizo de Deportes convocou 79 bolsas de colaboración, distribuídas segundo diferentes funcións:

Campus de Ourense

Bolsas de colaboradores de centro: 8
Bolsas de arbitraje: 12 (1 de coordinador, 2 de baloncesto, 3 de fútbol 7 e 6 de fútbol sala).

Campus de Pontevedra

Bolsas de colaboradores de centro: 2
Bolsas de arbitraje: 7
Bolsas de socorrista: 1
Bolsas de coordinador de rutas culturais: 1
Bolsa de contidos de comunicación: 1

Campus de Vigo

Bolsas de colaboradores de centro: 7
Bolsas de arbitraje: 40 (un de coordinador de competición no campus, un de coordinador de competición en peritos, un de coordinador de árbitros no campus, catro de árbitros de baloncesto no campus, catro mesas de baloncesto no campus, tres árbitros de fútbol sala en peritos, 12 de árbitros de fútbol sala no campus e 14 de árbitros de fútbol 7 no campus)

Programa de recoñecemento de créditos

Algunhas das iniciativas propostas dende o Servizo de Deportes contan co correspondente recoñecemento académico polo valor formativo da participación en actividades deportivas.

Créditos por participación en escolas deportivas:

Campus de Vigo: *aquagym*, ioga, natación, tenis e xadrez.
Campus de Pontevedra: aeróbic + *power pump*, pilates, tenis, danzas orientais e artes marciais, taichí e xadrez.
Campus de Ourense: tenis, xadrez, pádel e rugby.

Créditos por participación en cursos:

Campus de Vigo: Mergullo do programa Augaventura (Open Water Diver e Advanced Water Diver) e Rugby.
Campus de Ourense: no programa Rutas culturais.

Créditos por asistencia a competicións interuniversitarias:

Estudantes que representan a Universidade de Vigo en fases finais dos campionatos de España universitarios.
Estudantes que participan en campionatos mundiais e europeos universitarios, ademais de universiadas.

Créditos por representar a Universidade de Vigo en competicións federadas:

Estudantes que representen a Universidade con algún dos seus equipos en competicións federadas oficiais.

Créditos por participación en actividades de voluntariado deportivo e eventos de alto nivel:

Voluntarios dos 10 Km Cidade Universitaria, campionatos do mundo universitarios e de España.

Outros: participación no programa Ponte en Forma.

Nº _____
 1º cuad. 2º cuad. Anual Verán
 DNI _____
 1º APELLIDO _____

9 > SERVICIOS E VANTAXES

9.1 Tarxeta deportiva universitaria básica (TDU)

Durante o curso 2011/2012 un total de 1258 persoas pertencentes á comunidade universitaria (66 % homes e 34 % mulleres) solicitaron a tarxeta deportiva universitaria básica (anual ou cuadrimestral). Este carné permite ter acceso libre ás instalacións deportivas da Universidade, obter prezos especiais nas actividades organizadas polo Servizo de Deportes ou descontos nos servizos ofrecidos polas entidades colaboradoras (ximnasia, tendas de material deportivo, clínicas de fisioterapia...). Durante este curso destacou a súa posta en marcha por primeira vez no Campus de Ourense.

Total de homes: 830 (66 %)

Total de mulleres: 428 (34 %)

Número total de persoas con TDU Básica: 1258

- 10 % en Augventura.
- 10 % en Delecer.
- Uso gratuito da sala cardio-fitness, pistas de tenis, pista de atletismo, tenis de mesa, rocódromo e bicicletas BTT.
- Prezos especiais no uso doutras instalacións deportivas propias: pavillón, campo de herba sintética etc.
- Prezos especiais nos servizos de medicina deportiva e fisioterapia
- Prezos especiais nos centros e entidades colaboradoras: clínicas de fisioterapia, tendas de material deportivo,...



9.2 Tarxeta deportiva universitaria ponte en forma

Un total de 270 persoas (59,63 % homes e 40,37 % mulleres) gozaron durante o curso 2011/2012 das vantaxes e servizos da tarxeta Ponte en forma, entre as que destacan o acceso aos programas personalizados de exercicio físico e ao control médico-deportivo da práctica deportiva, ademais de todas as vantaxes xa incluídas na tarxeta deportiva básica.

Total de homes: 161 (60 %)

Total de mulleres: 109 (40 %)

Número total de persoas con TDU Ponte en forma: 270

TDU BÁSICA

	OURENSE			PONTEVEDRA			VIGO		
	H	M	TOTAL	H	M	TOTAL	H	M	TOTAL
ESTUDANTES	229	163	392	130	96	226	392	134	526
PAS	2	7	9	0	2	2	8	474	12
PDI	8	2	10	7	3	10	42	10	52
OUTROS	9	5	14	3	2	5	0	0	0
TOTAL	248	177	425	140	103	243	442	148	590

TDU PONTE EN FORMA

	OURENSE			PONTEVEDRA			VIGO		
	H	M	TOTAL	H	M	TOTAL	H	M	TOTAL
ESTUDANTES	18	11	29	20	21	41	52	22	74
PAS	18	9	27	0	7	7	8	7	15
PDI	26	21	47	1	2	3	15	7	22
OUTROS	3	2	5	0	0	0	0	0	0
TOTAL	65	43	108	21	30	51	75	36	111

9.3 Suplemento dúo

Campus de Pontevedra

O Suplemento Dúo púxose en marcha no Campus de Pontevedra durante este curso. Supón unha vantaxe para quen posúa calquera das tarxetas deportivas universitarias ou simplemente para as persoas que realicen unha actividade dirixida do programa de Escolas deportivas no pavillón, pois permítelles o acceso a estes membros da comunidade universitaria á piscina do Centro Galego de Tecnificación Deportiva se pagan un pequeno suplemento.

Participantes: 18 persoas (7 mulleres e 11 homes).

***Máis de 1500
abonados se
beneficiaron de
das vantaxes
da tarxeta
deportiva TDU***

9.4 Descostos en entidades colaboradoras

A Universidade de Vigo a través do Servizo de Deportes asinou, un ano máis, acordos de colaboración con entidades privadas relacionadas co mundo do deporte.

Estes permítenlles ás persoas pertencentes á comunidade universitaria e ás usuarias da tarxeta deportiva universitaria básica (TDU Básica) ou da tarxeta deportiva universitaria Ponte en forma contar cun amplo abano de descontos en clínicas de fisioterapia, tendas de material deportivo e roupa de deporte, clubs deportivos, ximnasios e centros deportivos.

Entidades colaboradoras: ximnasio Athenas, ximnasio El Castro, Estelas Náutica, Gaia Gestión Deportiva S. L., L. Max, Penta Deporte e Saúde S.L., Prado Surf Club, Deportes Jalda, Amad Promoción de Salud S. L., Fimega Fisioterapia Médica de Galicia S. L., Fisioestrada, Clínica de Rehabilitación Fisioursense, Galfisio CB, Fisioterapia Marga Sobrido e Centro Fisioterapia Urzáiz.

10 > INSTALACIONES DEPORTIVAS

10.1 Xestionadas polo Servizo de Deportes

Espazos deportivos

Campus de Ourense

Edificio deportivo

Pista polideportiva
Pistas de squash (2)
Sala de cardio-*fitness*
Zona de tenis de mesa
Área de xadrez
Servizo médico/Ponte en forma

Zona deportiva exterior

Pista polideportiva
Pista de tenis
Pista de atletismo
Campo de herba sintética

Campus de Pontevedra

Pavillón universitario

Pista polideportiva
Sala de cardio-*fitness*
Zona de tenis de mesa

Campus de Vigo

Pavillón universitario

Pista polideportiva
Sala de cardio-*fitness*
Zona de tenis de mesa
Rocódromo

Zona deportiva exterior

Campo de fútbol (céspede artificial)
Campo de rugby/fútbol (herba natural)

Circuíto de footing

Pista de atletismo

Pista de petanca

Pista polideportiva (con tres pistas de tenis)

Pistas de tenis (2)

Edificio técnico-administrativo

Sala de xadrez

Sala de ioga

Aula de seminarios

Ocupación das instalacións

As salas cardio-*fitness* dos tres campus continuaron no curso 2011/2012 co incremento na súa utilización que xa vén sendo habitual nos últimos anos. A participación xeral nesta actividade alcanzou deste xeito un total de 44336 usos entre os tres campus, onde destaca sobre todo o aumento do 49,08 % no número de usos da sala de Pontevedra ou do 11,79 % na sala do Campus de Vigo. A distribución por colectivos en cada un dos campus foi a da seguinte páxina

A pista do pavillón polideportivo está ocupada polas actividades propias do programa de Escolas deportivas (aeróbic, taichí, artes marciais mixtas e pilates), polas ligas universitarias e Copa Fair Play e tamén temos colectivos externos tales como o C. B. Arxil, o Playas de Pontevedra F. S. ou o Colexio Público Vidal Portela, e quedan horas de libre disposición para a comunidade universitaria.

Case exclusivamente as persoas usuarias do Servizo de Deportes utilizan a sala de cardio-*fitness* aínda que, excepcionalmente, se imparte docencia práctica dalgunha materia da Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte.

A zona de tenis de mesa é ocupada ao longo de todo o día por membros da comunidade universitaria, aínda que é o horario de tarde o de maior afluencia.

**OCUPACIÓN DAS
INSTALACIÓNS**

	OURENSE	PONTEVEDRA	VIGO
ALUMNADO	10424	6674	17608
PAS/PDI	1492	592	3955
EXTERNOS	2124	188	1279
TOTAL	14040 10140 HOMES 3900 MULLERES	7454 4991 HOMES 2463 MULLERES	22842 19209 HOMES 3633 MULLERES

OURENSE

	TOTAL	UNIVERSITARIOS/AS	COMPETICIÓNS INTERNAS	EXTERNOS/AS
PAVILLÓN PISTA CENTRAL	2136	1267	147	722
SQUASH 1	1125	289	-	836
SQUASH 2	975	216	-	759
PISTA EXTERIOR DE TENIS	1759	1029	66	663
POLIDEPORTIVA	1247	769	58	419
TENIS DE MESA	1566	1456	55	55
SINTÉTICO FÚTBOL-RUGBY	471	336	55	80
PISTA DE ATLETISMO	133	45	-	88

VIGO

	TOTAL	UNIVERSITARIOS/AS	COMPETICIÓNS INTERNAS	EXTERNOS/AS
PAVILLÓN	14460	1400	4940	8120
TENIS DE MESA	3385	3260	80	45
PISTA POLIDEPORTIVA	1260	1200	60	-
PISTAS DE TENIS	260	260	-	-
CAMPO SINTÉTICO	9580	440	5460	3680
PISTA DE ATLETISMO	820	300	-	520
PRÉSTAMOS DE BICICLETAS	480	480	-	-
PETANCA	50	50	-	-



**Entidades usuarias alleas á
Universidade**

Campus de Ourense

Pista polideportiva

Abo Junior

Club Baloncesto Ourense (COB)

Consello Municipal dos Deportes
(CMD)

Delegación Ourenzá de Baloncesto

Delegación Ourenzá de Balonmán

Down Ourense

Equipo de baloncesto universitario

Campus Ourense

Federacións galegas: baloncesto,
fútbol (fútbol sala) e judo

Fútbol sala Primordial

Gabinete Psicopedagóxico do
Campus de Ourense

Ofiteca

Pistas de tenis

Club Tenis Dereito-Empresariais

Centro Formación TAFAD

Pistas de squash

Club Squash Auriense

Centro Formación TAFAD

Campos de fútbol 7

Maristas Ourense

Club Rugby Universitario

Club Deportivo Ourense

Cafetería Graduado

Asociación Liga Fútbol Veteranos
Ourense



Raio Ourenán. Liga galega 3ª Rexional

Federación Galega de Atletismo

Colexio Maristas

Concello de Bande

Colexio A Purísima

Academia Foris

Policía local

Federación Galega de Fútbol

Federación Galega Balonmán

Asociación Máis 25

Pista de atletismo:

Deportistas federados da provincia de Ourense

Campus de Pontevedra

Pavillón polideportivo

C. B. Arxil

Playas de Pontevedra F. S.

Colexio Público Vidal Portela

Campus de Vigo

Pavillón

Bar Luada F. S.

Celta de Baloncesto

Baloncesto Puerto Vigo

Citroën

Foto Gómez Fútbol Sala

Lume Fútbol Sala

Concello de Mos

Colegio Los Sauces

Campo sintético

Construcciones Carrera

Vigo Rugby Club

10.2 Centros deportivos de xestión externalizada

Arbo Club de Fútbol
Cedro
Viza Automoción
Grupo SEI
Torneo Amistad
Torneo Primavera
Vigo en Xogo
Federación Galega de Fútbol
Colegio Los Sauces
Escola Galega de Adestreadores de Fútbol
Colexio de Árbitros de Fútbol de Vigo

Campo de rugby
Vigo Rugby Club
Instituto de A Guía
Colegio Los Sauces
IES Augas de A Laxe de Gondomar

Pista de atletismo
Academia Estudio
Academia Fonseca
Instituto de A Guía
Club de Atletismo Porriño
Colegio de árbitros de Vigo
Iglesia Evangélica de Vigo
Club Siglo XXI

Estes centros situados nos campus de Ourense e Vigo están xestionados pola empresa Gaia Gestión Deportiva e están abertos ao público en xeral.

AQA Ourense

O centro conta con dúas piscinas, unha de 25 m x 16 m e outra de 16 m x 9 m, un vaso de hidromasaxe de 16 m x 2 m, unha sala de actividades dirixida e outra de *fitness*, tamén unha para masaxe.

O programa de actividades dirixidas ofertadas é moi amplo: pilates, *aguagym*, GAP, *body tonic*, *step*, aeróbic, *fitball*, *aerobox* e aerotono.

En canto ás actividades acuáticas: natación para adultos (iniciación e perfeccionamento), natación infantil (iniciación e perfeccionamento), natación nenos (iniciación e perfeccionamento), actividades para bebés e *matronatación*.

CDU Vigo

O complexo deportivo da piscina universitaria conta con salas de *fitness* e actividades dirixidas, sala de *spinning* e unha pista de squash, tamén conta con servizos de sauna e *jacuzzi*.

O número medio de socios anuais alcanza as 750 persoas, das que preto de 200 pertencen á comunidade universitaria. O programa de actividades dirixidas inclúe pilates, *aguagym*, GAP, *body tonic*, *step*, aeróbic, *fitball* e *aerobox*.

ACTIVIDADES DE LECER E INICIACIÓN DEPORTIVA

Escolas deportivas

Ábrese o segundo prazo para a matrícula das escolas deportivas

A renovación é do 20 ata o 30 de xaneiro, e as novas altas entre o 11 de xaneiro ata o 9 de febreiro

As escolas deportivas de Galicia... A maioría destas escolas... A maioría destas escolas...



Un momento do curso de iniciación de fútbol para rapazos de Vigo.

O PROGRAMA DE ESCOLAS DEPORTIVAS... O programa de escolas deportivas...

Atlántico 19/01/2012

Ioga, a mellor forma para relaxarse e conectar cun mesmo

A actividade é unha das máis fortes do programa, pois conta con preto de cem alumnos ao ano

Logo de haberse de xente... Ioga é unha actividade... Ioga é unha actividade...



Un momento do curso de ioga en Vigo.

Unha das disciplinas que... Ioga é unha actividade... Ioga é unha actividade...

Atlántico 26/01/2012

ACTIVIDADES NA NATUREZA

Rutas culturais

90 universitarios, na primeira saída das rutas culturais

A ruta do Ribeiro partiu de Leiro o día 9

Unha saída de rutas culturais... A saída de rutas culturais...



A ruta do Ribeiro partiu de Leiro o día 9.

Unha saída de rutas culturais... A saída de rutas culturais...

Atlántico 13/10/2011

O 10 de marzo terá lugar a Ruta de San Salvador dos Penedos

O prazo de inscrición estará aberto ata o martes anterior á saída da ruta

A ruta de San Salvador dos Penedos... A saída de rutas culturais...



A Ruta de San Salvador dos Penedos é a saída de rutas culturais.

Unha saída de rutas culturais... A saída de rutas culturais...

Atlántico 1/03/2012

O 19 de novembro, Ruta do Galineiro, novidade no programa

O prazo de inscrición, aberto ata o martes 15 de novembro

A Ruta do Galineiro... A saída de rutas culturais...



A Ruta do Galineiro é a saída de rutas culturais.

Unha saída de rutas culturais... A saída de rutas culturais...

Atlántico 31/11/2011

RUTAS CULTURAIS : O SÁBADO 24, RUTA DO RIO MAO, OUTRAS NOVIDADES

A ruta do río Mao, nos canóns do Sil, é a oitava do programa de rutas culturais. Se inicia en Barroco...

Atlántico 8/03/2012

Ruta de Cerdedo a Campo Lameiro, outra novidade

Terá lugar o vindeiro sábado 21 de abril, con percorrido de 22 km

Este sábado 21 de abril, o programa de rutas culturais...

Este sábado 21 de abril, o programa de rutas culturais...



Atlántico 12/04/2012

A Ruta do Morrazo celébrase o próximo 10 de maio

É a derradeira ruta do programa 2011/2012

Este sábado 10 de maio, o programa de rutas culturais...

Este sábado 10 de maio, o programa de rutas culturais...



Atlántico 10/05/2012

Delecer

Inscripcións para o Delecer 2012 a partir do 5 de marzo

Ofértanse para ciclismo, pontismo, parapente e rutas en bici

O programa Delecer, organizado polo Servizo de Deportes...

O programa Delecer, organizado polo Servizo de Deportes...



Foto: Servizo de Deportes do Concello de Barroco

O programa Delecer, organizado polo Servizo de Deportes...

Atlántico 1/03/2012

RUTA A GUDRIÑA-LAZA, A MAIS LONGA DO PROGRAMA, O 5 DE MAIO

A ruta de Gudriña-Laza desenvólvese na mañá do sábado 5 de maio. Se inicia na Gudriña e rematará en Laza...

Atlántico 26/04/2011

Augventura

Os programa Augventura, por primeira vez en outono

A ampliación do programa responde a unha iniciativa que parte do Campus do Mar

PRENSA - UVI

As actividades de outono que consisten en actividades de auga en canoa e vela...



As actividades de surf van estar en outubro do 15 ao 19 na praia de Patos...

As actividades de surf van estar en outubro do 15 ao 19 na praia de Patos...

Atlántico 10/11/2011

Iniciación ao surf, os días 25 e 26 de febreiro na praia de Patos

Os cursos serán impartidos por técnicos titulados de Prado Surf Escola

PRENSA - UVI

Os cursos de iniciación ao surf van estar impartidos por técnicos titulados de Prado Surf Escola...



Os cursos de iniciación ao surf van estar impartidos por técnicos titulados de Prado Surf Escola...

Atlántico 2/02/2012

Os bautismos do programa Augventura, o próximo mes

Haberá actividades como mergullo, surf, rutas en canoa e vela

PRENSA - UVI

Os bautismos do programa Augventura van estar organizados por Prado Surf Escola...

Advertisement for CML Campesino Life Augventura with a star logo and text 'ESTA PRIMAVERA TODOS A AUGA!'.

Atlántico 16/02/2012

El rafting gana adeptos en el campus

Es la actividad más demandada en el programa 'Augventura'

PRENSA - UVI

O rafting é a actividade máis demandada no programa Augventura...



Unha actividade de presentación, aquí en O Centro Inglés...

FARO DE VIGO 14/03/2011

Viaxes á neve

Viaxes á neve do 2 ao 4 de marzo a Valgrande Pajares

As prazas dispoñibles para universitarios están organizadas por Prado Surf Club

PRENSA - UVI

Os viaxes á neve van estar organizados por Prado Surf Club...



Algúnhas das actividades de esquí a neve organizadas polo Centro Práctico Surf Club...

Os viaxes á neve van estar organizados por Prado Surf Club...

Atlántico 9/02/2012

54

DEPORTE E SAÚDE

Aposta pola actividade física saudable nas salas cardiofitness

Préto de 200 persoas desenvolven neste curso un programa de exercicio físico personalizado

